estcorridos pola colección

NUMISMÁTICA

8 Museo Provincial de Lugo





ISBN: 978-84-8192-573-9

FICHA TÉCNICA

Editora científica e coordinación

Aurelia Balseiro García

Textos

Enrique Alcorta Irastorza, Aurelia Balseiro García e M.ª Ofelia Carnero Vázquez.

Revisión lingüística

Montse González Álvarez

Fotografías

MPL e outros especificados nos pés de fotos

Como colofón do programa de investigación da colección de Numismática do Museo Provincial de Lugo, neste ano 2020 procedemos co remate dos proxectos expositivos realizados para dar a coñecer os resultados da revisión, estudo e documentación desta parte do noso patrimonio arqueolóxico. Así mesmo, desde a Área de Cultura da Deputación elaborouse un calendario para o ano 2021 cunha escolma do monetario, composto por máis de 8.000 pezas e das 494 medallas que, actualmente, conforman a devandita colección numismática.

Do mesmo xeito, con esta publicación estamos a cumprir parte das obrigas e funcións dos museos no relativo á conservación, catalogación, restauración e exhibición ordenada dos fondos museísticos, á investigación no ámbito das súas coleccións, á organización periódica de exposicións científicas e divulgativas de carácter temporal e, finalmente, á elaboración e publicación de catálogos e monografías dos seus fondos.

Por todo iso, comprácenos presentar esta publicación dixital que, de seguro, será unha boa ferramenta didáctica e divulgativa para toda a cidadanía e, asemade, felicitamos as persoas responsables do proxecto polo seu traballo en prol do noso patrimonio.

M.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón Vicepresidenta da Deputación de Lugo Como colofón del programa de investigación de la colección de Numismática del Museo Provincial de Lugo, en este año 2020 procedemos con el final de los proyectos expositivos realizados para dar a conocer los resultados de la revisión, estudio y documentación de esta parte de nuestro patrimonio histórico arqueológico. Asimismo, desde el área de Cultura de la Diputación se elaboró un calendario para el año 2021 con una selección del monetario, compuesto por más de 8.000 piezas, y de las 494 medallas que, actualmente, conforman dicha colección numismática.

Del mismo modo, con esta publicación estamos cumpliendo parte de los deberes y funciones de los museos en lo relativo a la conservación, catalogación, restauración y exhibición ordenada de los fondos museísticos, a la investigación en el ámbito de sus colecciones, a la organización periódica de exposiciones científicas y divulgativas de carácter temporal y, finalmente, a la elaboración y publicación de catálogos y manuales de sus fondos.

Por todo ello, nos complace presentar esta publicación digital que será una buena herramienta didáctica y divulgativa para toda la ciudadanía y, al mismo tiempo, felicitamos a las personas responsables del proyecto por su trabajo en pro de nuestro patrimonio.

M.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón Vicepresidenta da Deputación de Lugo

INTRODUCIÓN

DE RE NUMISMATICAPáxina 6

CAPÍTULO I

2016. Percorrido pola Colección numismática do MPL. Moeda prerromana, romana e medieval

Páxina 12 Definición e partes dunha moeda

> **Páxina 13** Fabricación das moedas

Páxina 15 A moeda na Arqueoloxía, na Arte, na Historia, na Literatura e na Relixión

Páxina 16Creación e formación da Colección numismática do MPL

Páxina 17 A moeda prerromana

Páxina 18

As primeiras emisións: hispánicas con lenda indíxena e hispánicas con lenda latina.

Páxina 20 A moeda romana alto imperial

Páxina 21 Retratos imperiais nas moedas

Páxina 22 A moeda romana baixo imperial

> **Páxina 24** A moeda medieval

Páxina 25 As moedas dos reis Católicos

Páxina 26Moedas senlleiras da Colección numismática do MPL

CAPÍTULO II

2017. Percorrido pola Colección numismática do MPL. Moeda moderna e contemporánea

Páxina 28 Liña sucesoria das casas de Austria e Borbón

Páxina 29A moeda despois dos reis Católicos:
Juana I de Castela, Carlos I e Felipe II

Páxina 30 A moeda na época de Felipe III, Felipe IV, Carlos II e Carlos III.

> **Páxina 31** A moeda da Casa de Borbón: Felipe V, Carlos III e Carlos IV

> Páxina 33 O novo sistema monetario de José Bonaparte. A moeda na época de Fernando VII.

Páxina 34 A moeda na época de Isabel II

Páxina 36A moeda do Goberno Provisional, de Amadeo I, e da Primeira República. A moeda carlista

Páxina 37 A moeda da Restauración: Alfonso XII

> **Páxina 38** A moeda de Alfonso XIII

Páxina 40 A moeda da II República e durante a Guerra civil

Páxina 42 A moeda na Ditadura e na restauración da monarquía con Juan Carlos I

CAPÍTULO III

2018. Percorrido polos tesouriños da Colección numismática do MPL

Páxina 45 Tesouriño da porta do Bispo Odoario

Páxina 46
Tesouriño da rúa Cedrón del Valle

Páxina 47 Tesouriño da Avda. Rodríguez Mourelo

Páxina 48 Tesouriño da rúa San Fernando

Páxina 49 Tesouriño de Penadominga (Quiroga, Lugo)

Páxina 50 Tesouriño da Fonsagrada (Lugo)

> **Páxina 51** Tesouriño do Cadramón (O Valadouro, Lugo)

Páxina 52 Tesouriño de Quintá da Grade (Chantada, Lugo)

Páxina 53 Tesouriño de Muras (Lugo)

Páxina 54 Tesouriño de Bares (Mañón, A Coruña)

Páxina 55 Tesouriño de Buscás (Ordes, A Coruña)

Páxina 56 Tesouriño de San Xiao de Mos (Castro de Rei, Lugo) e Tesouriño de Grandas de Salime (Asturias) **CAPÍTULO IV**

2019. Percorrido pola moeda estranxeira da Colección numismática do MPL

Páxina 58 A evolución da colección de moeda estranxeira no MPL

> Páxina 59 Europa 1

Páxina 60 Europa 2

Páxina 61 Europa 3

Páxina 62 Europa 4

Páxina 63 Asia 1

Páxina 64 Asia 2

Páxina 65 América 1

Páxina 66 América 2

Páxina 67 América 3

Páxina 68 África 1

Páxina 69 África 2

Páxina 70 Oceanía CAPÍTULO V

2020. Percorrido pola Medallística do MPL

> **Páxina 72** Introdución

Páxina 73 Formación da colección

> **Páxina 74** Os gravadores

Páxina 75 O retrato na medalla 1

> **Páxina 77** Medallas galegas

Páxina 79 Medallas da cidade de Lugo

Páxina 80 Medallas españolas do s. XIX

Páxina 81 Medallas españolas do s. XX

Páxina 82 Medallas francesas na colección do MPL

> **Páxina 83** Condecoracións

Páxina 85 Medallas do mundo na colección do MPL BIBLIOGRAFÍA

Páxina 86

TEXTOS EN CASTELLANO

Páxina 88

APÉNDICE DOCUMENTAL

Páxina 98

INTRODUCIÓN DE RE NUMISMATICA¹

A Numismática é a ciencia que estuda as moedas e medallas desde a súa descrición ata o seu contexto arqueolóxico e histórico. Deriva da palabra latina numisma, moeda. Pero, tamén, abarca outros obxectos "monetiformes" como medallas, ponderais, fichas, papel moeda, etc. O termo actual "moeda" tamén procede do latín: moneta, sobrenome da deusa luno Moneta, xunto a cuxo templo os antigos romanos situaron o seu primeiro obradoiro de cuñaxe.

O desenvolvemento do programa de investigación da colección de numismática², realizado polo Departamento de Arqueoloxía/Historia, coa coordinación da Dirección do Museo Provincial de Lugo, comeza coa revisión dos materiais e continúa coa participación en congresos científicos especializados. No ano 2014: "XV Congreso Nacional de Numismática" (MAN, Madrid); 2015: "3.° Congreso Internacional de Arqueoloxía de Vilalba" (MUPAV, Vilalba, Lugo), "III Seminario sobre

La Numismática es la ciencia que estudia las monedas y medallas desde su descripción hasta su contexto arqueológico e histórico. Deriva de la palabra latina numisma, moneda. Pero, también, abarca otros objetos "monetiformes" como medallas, ponderales, fichas, papel moneda, etc. El término actual "moneda" también procede del latín: moneta, sobrenombre de la diosa luno Moneta, junto a cuyo templo los antiguos romanos situaron su primer taller de acuñación.

El desarrollo del programa de investigación de la colección de numismática², realizado por el Departamento de Arqueología/Historia, con la coordinación de la Dirección del Museo Provincial de Lugo, comienza con la revisión de los materiales y continúa con la participación en congresos científicos especializados. En el año 2014: "XV Congreso Nacional de Numismática" (MAN, Madrid); 2015: "3.° Congreso Internacional de Arqueología de Vilalba" (MUPAV, Vilalba, Lugo), "III Seminario sobre



Póster presentado no XVI Congreso de Numismática. Barcelona 2018

¹ Vaia este título en homenaxe do primeiro divulgador da Numismática do Museo Provincial de Lugo e o seu director: Manuel Vázquez Seijas, recollido do artigo homónimo "De re numismatica", publicado en 1946 no *Boletín da Comisión Provincial de Monumentos Histórico Artísticos de Lugo*. Tomo II núms. 17-18 Lugo, pp. 186-188.

² A Colección numismática ten, na exposición permanente da sección de Arqueoloxía do MPL, unha escolma que supón un total aproximado do 8% con respecto ás moedas dos seus fondos.

¹ Vaya este título en homenaje del primer divulgador de la Numismática del Museo Provincial de Lugo y su director: Manuel Vázquez Seijas, recogido del artículo homónimo "De re numismatica", publicado en 1946 en el *Boletín da Comisión Provincial de Monumentos Histórico Artísticos de Lugo*. Tomo II núms. 17-18 Lugo, pp. 186-188.

La Colección numismática tiene, en la exposición permanente de la sección de Arqueología del MPL, una selección que supone un total aproximado del 8% con respecto a las monedas de sus fondos.

a investigación nos museos" (Museo Arqueoloxía, Biscaia) e no 2018: "XVI Congreso Nacional de Numismática" (MAC, Barcelona). A finalidade destes relatorios e conferencias é resaltar a investigación realizada, publicar os resultados e promocionar esta parte dos fondos arqueolóxicos entre especialistas numismáticos en foros científicos internacionais.

En relación co devandito programa de investigación e, tendo presente a máxima relativa á transferencia do coñecemento, organizamos uns proxectos divulgativos coa finalidade principal de contextualizar, expoñer e difundir os numerosos fondos de reserva desta colección para darlles o seu valor aproveitando a actuación do seu estudo e documentación. Así, dende 2016, comezamos uns proxectos expositivos temporais de pequena dimensión debido á súa concreción ou especialización e de carácter, fundamentalmente, divulgativo, aínda que cunha base científica sólida.

Esta andadura, iniciada coa investigación profunda de conxuntos, pezas e/ou coleccións, continuaría coa promoción deste patrimonio arqueolóxico do MPL a través das devanditas exposicións temporais baseadas, fundamentalmente, en material divulgativo gráfico. Trátase, tamén, de amosar os resultados dos labores investigadores, dun xeito ameno e práctico, a través da inclusión deste traballo na oferta de exposicións itinerantes a institucións e colectivos con interese no patrimonio cultural e espazos de acollida³.

A materialización e adaptación da investigación interna que, normalmente, queda nas institucións museísticas, para externalizar en mostras temporais, cuxa primeira sede fora o Museo Provincial de Lugo e despois trasladarse, de xeito gratuíto, apoiándose no programa de exposicións itinerantes gratuítas, tamén nos levou á organización das "Xornadas de divulgación científica do patrimonio arqueolóxico lucense" (edicións en 2018, 2019 e 2020) pero, neste caso, sen cinguirse só aos fondos do MPL e, polo tanto, ampliando o abano dos bens mobles e inmobles desta parte do noso patrimonio cultural.

A divulgación científica é unha teima que nos propuxemos con base na necesidade de transferir os resultados do traballo investigador do MPL, xestionándoo, socialmente, a través de procesos de valorización e dinamización; no caso da numismática formulouse desde o principio dun xeito didáctico,

3

la investigación en los museos" (Museo Arqueología, Biscaia) y en el 2018: "XVI Congreso Nacional de Numismática" (MAC, Barcelona). La finalidad de estos relatorios y conferencias es resaltar la investigación realizada, publicar los resultados y promocionar esta parte de los fondos arqueológicos entre especialistas numismáticos en foros científicos internacionales.

En relación con el mencionado programa de investigación y, teniendo presente la máxima relativa a la transferencia del conocimiento, organizamos unos proyectos divulgativos con la finalidad principal de contextualizar, exponer y difundir los numerosos fondos de reserva de esta colección para darles su valor aprovechando la actuación de su estudio y documentación. Así, desde 2016, comenzamos unos proyectos expositivos temporales de pequeña dimensión debido a su concreción o especialización y de carácter, fundamentalmente, divulgativo, aunque con una base científica sólida.

Esta andadura, iniciada con la investigación profunda de conjuntos, piezas y/o colecciones, continuaría con la promoción de este patrimonio arqueológico del MPL a través de dichas exposiciones temporales basadas, fundamentalmente, en material divulgativo gráfico. Se trata, también, de mostrar los resultados de las labores investigadoras, de una manera amena y práctica, a través de la inclusión de este trabajo en la oferta de exposiciones itinerantes a instituciones y colectivos con interés en el patrimonio cultural y espacios de acogida itinerantes a institucións e colectivos con interese no patrimonio cultural e espazos de acollida³.

La materialización y adaptación de la investigación interna que, normalmente, queda en las instituciones museísticas, para externalizar en muestras temporales, cuya primera sede había sido el Museo Provincial de Lugo y después trasladarse, de manera gratuita, apoyándose en el programa de exposiciones itinerantes gratuitas, también nos llevó a la organización de las "Jornadas de divulgación científica del patrimonio arqueológico lucense" (ediciones en 2018, 2019 y 2020) pero, en este caso, sin ceñirse sólo a los fondos del MPL y, por lo tanto, ampliando el abanico de los bienes muebles e inmuebles de esta parte de nuestro patrimonio cultural.

La divulgación científica es una fijación que nos propusimos con base a la necesidad de transferir los resultados del trabajo investigador del MPL, gestionándolo, socialmente, a través de procesos de valorización y dinamización; en el caso de la numismática se formuló desde el principio de una

3

http://redemuseisticalugo.org/documentos.asp?mat=50&id=2668

explicando e amosando os fondos do MPL, o seu significado, orixe e evolución a través de paneis con imaxes e textos impresos en materiais manexables, duradeiros e transportables. Así mesmo, na mostra primixenia ou inaugural, realizada sempre no refectorio do MPL, acompañouse de pezas orixinais en vitrinas e expositores xunto con referencias ou homenaxes a doazóns realizadas ao longo da evolución e incremento da colección numismática, personalizadas en xente como Xermán Alonso Hortas (na edición de 2019) ou Xosé Trapero Pardo (no 2020), que doaron importantes conxuntos de pezas.

O proxecto foi formulado polo comité científico organizador, formado por Enrique Alcorta, Ofelia Carnero e Aurelia Balseiro, para realizarse a medio prazo, e cumpriu rigorosamente os tempos previstos: 2016-2020. Organizouse de xeito diacrónico facendo un percorrido pola Colección numismática do MPL a través do tempo. Inicialmente dividiuse en tres bloques:

Moeda hispánica (dende o século III a.C. ata o s. XV, por unha banda, e logo as moedas das Idades Moderna e Contemporánea); Moeda estranxeira e Medallas

Dada a amplitude do monetario en relación coas medallas, os dous primeiros bloques ocuparían catro proxectos e as medallas só un.

Iníciase o primeiro bloque cunha contextualización da ciencia numismática e o seu significado para, logo, entrar no estudo e revisión da moeda hispánica en varias partes: primeiro, a moeda dende o século III a.C. ata a o s. XV, onde se amosa información e imaxes das pezas indíxenas, romanas e medievais ata os reis Católicos, incluíndo as hispano musulmás e outras moedas senlleiras da época.

Despois, as modernas e contemporáneas que establecen un marco cronolóxico dende o s. XVI ata a actualidade.

O percorrido da moeda hispana remata facendo unha mostra monográfica dedicada aos tesouriños monetarios, porque abranguen unha categoría específica dentro dos achados numismáticos, entendendo este concepto como unha acumulación de moedas ocultadas e, polo tanto, inmobilizadas temporalmente coa intención de recuperalas. Tal e como establece Ignacio San Vicente (1999), existen varios tipos: os tesouriños de emerxencia, os de aforro e atesouramento, os tesouriños de bolsa, etc.

Os tesouriños forman conxuntos de diversas cronoloxías e épocas históricas e son unha gran

manera didáctica, explicando y mostrando los fondos del MPL, su significado, origen y evolución a través de paneles con imágenes y textos impresos en materiales manejables, duraderos y transportables. Asimismo, en la muestra primera o inaugural, realizada siempre en el refectorio del MPL, se acompañó de piezas originales en vitrinas y expositores junto con referencias u homenajes a donaciones realizadas a lo largo de la evolución e incremento de la colección numismática, personalizadas en personas como Germán Alonso Huertas (en la edición de 2019) o José Trapero Pardo (en el 2020), que donaron importantes conjuntos de piezas.

El proyecto fue formulado por el comité científico organizador, formado por Enrique Alcorta, Ofelia Carnero y Aurelia Balseiro, para realizarse a medio plazo y cumplió rigurosamente los tiempos previstos: 2016-2020. Se organizó de forma diacrónica haciendo un recorrido por la Colección numismática del MPL a través del tiempo. Inicialmente se dividió en tres bloques:

Moneda hispánica (desde el s. III a.C. hasta el s. XV, por una parte, y luego las monedas de las Edades Moderna y Contemporánea); Moneda extranjera y Medallas

Dada la amplitud del monetario en relación con las medallas, los dos primeros bloques ocuparían cuatro proyectos y las medallas solo uno.

Se inicia el primer bloque con una contextualización de la ciencia numismática y su significado para, luego, entrar en el estudio y revisión de la moneda hispánica en varias partes: primero, la moneda desde el siglo III a. C. hasta la el s. XV, donde se muestra información e imágenes de las piezas indígenas, romanas y medievales hasta los reyes Católicos, incluyendo las hispano musulmanas y otras monedas singulares de la época.

Después, las modernas y contemporáneas que establecen un marco cronológico desde el s. XVI hasta la actualidad.

El recorrido de la moneda hispana finaliza haciendo una muestra monográfica dedicada a los tesorillos monetarios, porque abarcan una categoría específica dentro de los hallazgos numismáticos, entendiendo este concepto como una acumulación de monedas ocultadas y, por lo tanto, inmovilizadas temporalmente con la intención de recuperarlas. Tal y como establece Ignacio San Vicente (1999), existen varios tipos: los tesorillos de emergencia, los de ahorro y atesoramiento, los tesorillos de bolsa, etc.

Los tesorillos forman conjuntos de diversas cronologías y épocas históricas y son una gran fuente de información

fonte de información sociocultural, económica, antropolóxica, histórica, política, relixiosa, artística... por iso, decidimos facerlles un monográfico especial. Asociados, sobre todo, a tempos de crise, os que chegaran ao MPL, produto de achados casuais ou escavacións arqueolóxicas, son once romanos e dous medievais procedentes do antigo *Conventus Lucensis*, que proporcionan datos sobre a nosa historia.

A moeda estranxeira formaría parte da derradeira actuación, é fundamentalmente contemporánea e abrangue países de todos os continentes. Esta parte está composta de 1.297 pezas⁴, das que se amosa unha escolma representativa organizada por continentes e países. Abarcan, cronoloxicamente, dende o século XVIII ata a actualidade, predominando o século XX. Dado que as divisións político administrativas mudaron con frecuencia, ao longo deste tempo, mantemos as denominacións históricas dos países tal e como aparecen nas respectivas moedas, indicando, se é preceptivo, os cambios de situación, fronteiras, bandeiras e nomeamentos. Igualmente, no caso das colonias figuran as súas dependencias das metrópoles correspondentes ata a súa independencia.

Finalmente, a Medallística, dado que é unha ciencia auxiliar da historia que se ocupa do estudo concreto das medallas, ten un capítulo á parte polas súas características propias. Esta colección componse de 494 pezas, sen cuantificar as devocionais, abarcando cronoloxicamente dende o século XVIII ata a actualidade. Na mostra puido verse unha escolma representativa organizada a través de doce paneis.

O monetario do MPL supera as 8.000 pezas, sen contar as 494 medallas. Dado que na exposición permanente só se amosa unha pequena parte, con estas exposicións temporais, a base de textos explicativos, gráficos, debuxos e fotografías, achegámoslle esta colección ao público, contribuíndo ao coñecemento da ciencia numismática.

O programa completo de divulgación expositiva, dado que ía paralelo á súa revisión/documentación, alongouse dende 2016 a 2020 cunha mostra anual que comezaba coa inauguración, no refectorio do MPL, para despois itinerarse, gratuitamente, a través dun sinxelo formulario de solicitude. Na memoria destes percorridos, por distintas institucións e espazos expositivos, temos unha decena de itinerancias ata o

sociocultural, económica, antropológica, histórica, política, religiosa, artística... por eso, decidimos hacerles un monográfico especial. Asociados, sobre todo, a tiempos de crisis, los que habían llegado al MPL, producto de hallazgos casuales o excavaciones arqueológicas, son once romanos y dos medievales procedentes del antiguo *Conventus Lucensis*, que proporcionan datos sobre nuestra historia.

La moneda extranjera formaría parte de la última actuación, es fundamentalmente contemporánea y abarca países de todos los continentes. Esta parte está compuesta de 1.297⁴ piezas, de las que se muestra una antología representativa organizada por continentes y países. Abarcan, cronológicamente, desde el siglo XVIII hasta la actualidad, predominando el siglo XX. Dado que las divisiones político administrativas cambiaron con frecuencia a lo largo de este tiempo, mantenemos las denominaciones históricas de los países tal y como aparecen en las respectivas monedas, indicando, si es preceptivo, los cambios de situación, fronteras, banderas y nombramientos. Igualmente, en el caso de las colonias figuran sus dependencias de las metrópolis correspondientes hasta su independencia.

Finalmente, la Medallística, dado que es una ciencia auxiliar de la historia que se ocupa del estudio concreto de las medallas, tiene un capítulo aparte por sus características propias. Esta colección se compone de 494 piezas, sin cuantificar las devocionales, abarcando cronológicamente desde el siglo XVIII hasta la actualidad. En la muestra pudo verse una selección representativa organizada a través de doce paneles.

El monetario del MPL supera las 8.000 piezas, sin contar las 494 medallas. Dado que en la exposición permanente solo se muestra una pequeña parte, con estas exposiciones temporales, a base de textos explicativos, gráficos, dibujos y fotografías, acercamos esta colección al público, contribuyendo al conocimiento de la ciencia numismática.

El programa completo de divulgación expositiva, dado que iba paralelo a su revisión/documentación, se alargó desde 2016 a 2020 con una muestra anual que comenzaba con la inauguración, en el refectorio del MPL, para después itinerarse, gratuitamente, a través de un sencillo formulario de solicitud. En la memoria de estos recorridos, por distintas instituciones y espacios expositivos, tenemos una decena de itinerancias hasta

⁴ Datos de 2020. O numerario flutúa baseándose na entrada ou saída de depósitos e por outros ingresos procedentes de adquisicións ou doazóns.

⁴ Datos de 2020. El numerario fluctúa basándose en la entrada o salida de depósitos y por otros ingresos procedentes de adquisiciones o donaciones.

2019, posto que no 2020, debido principalmente ás circunstancias da COVID-19, non houbo movementos externos. En todo caso, foron por diversos museos e concellos acompañadas de conferencias impartidas polas persoas técnicas responsables do proxecto, coa intención de complementar a oferta expositiva. Por suposto, namentres a información ofrecida continúe vixente, seguirán dispoñibles previa petición.

Finalmente, como colofón do proxecto⁵, xuntamos todo o traballo realizado para ofrecerllo nesta publicación dixital a toda a cidadanía e que sirva, tamén, como recurso didáctico ao tempo que faga visible unha colección numismática moi importante cualitativa e cuantitativamente.

O obxectivo principal segue a ser a difusión da colección numismática do MPL, pero, tamén, poñer a disposición de todas as persoas interesadas un recurso interactivo realizado con rigor para promover o coñecemento desta disciplina.

Rematamos agradecéndolles a todas as persoas do MPL, que se implicaron directa ou indirectamente no desenvolvemento deste proxecto, a súa axuda e colaboración, aos especialistas e diletantes numismáticos que nos animaron nesta andaina e ás institucións que a fixeron posible.

Lugo, decembro de 2020

Enrique Alcorta

Aurelia Balseiro

Ma Ofelia Carnero

el 2019, puesto que en el 2020, debido principalmente a las circunstancias de la COVID-19, no hubo movimientos externos. En todo caso, fueron por diversos museos y ayuntamientos acompañadas de conferencias impartidas por el personal técnico responsable del proyecto, con la intención de complementar la oferta expositiva. Por supuesto, mientras la información ofrecida continúe vigente, seguirán disponibles previa petición.

Finalmente, como colofón del proyecto⁵, reunimos todo el trabajo realizado para ofrecérselo en esta publicación digital a toda la ciudadanía y que sirva, también, como recurso didáctico al tiempo que haga visible una colección numismática muy importante cualitativa y cuantitativamente.

El objetivo principal sigue siendo la difusión de la colección numismática del MPL, pero, también, poner a disposición de todas las personas interesadas un recurso interactivo realizado con rigor para promover el conocimiento de esta disciplina.

Finalizamos agradeciendo a todas las personas del MPL que se implicaron directa o indirectamente en el desarrollo de este proyecto, su ayuda y colaboración, a los/las especialistas y diletantes numismáticos que nos animaron en esta andadura y a las instituciones que la hicieron posible.

Lugo, decembro de 2020

Enrique Alcorta Aurelia Balseiro M^a Ofelia Carnero

Como remate do proxecto, ademais desta publicación dixital, o Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, en colaboración co MPL, tamén editou un calendario para o ano 2021 cunha escolma da colección numismática como outra iniciativa de divulgación deste patrimonio arqueolóxico. Así mesmo, en consonancia coa difusión realizada nos medios de comunicación que recolleron sempre estas iniciativas, tamén se publicaron en prensa diversos artigos da nosa autoría con motivo de cada exposición realizada, que se recollen na bibliografía, e foron apoiadas iniciativas externas como as realizadas pola asociación numismática ANVAR para o Lugo Numismático.

⁵ Como remate del proyecto, además de esta publicación digital, el Servicio de Publicaciones de la Diputación de Lugo, en colaboración con el MPL, también editó un calendario para el año 2021 con una selección de la colección numismática como otra iniciativa de divulgación de este patrimonio arqueológico. Así mismo, en consonancia con la difusión realizada en los medios de comunicación que recogieron siempre estas iniciativas, también se publicaron en prensa diversos artículos de nuestra autoría con motivo de cada exposición realizada, que se recogen en la bibliografía, y fueron apoyadas iniciativas externas como las realizadas por la asociación numismática ANVAR para el Lugo Numismático.



MOEDA PRERROMANA, ROMANA E MEDIEVAL





DEFINICIÓN E PARTES DUNHA MOEDA

A Numismática é a ciencia que estuda as moedas. Desde a súa descrición ata o seu contexto arqueolóxico e histórico. Pero tamén abarca outros obxectos "monetiformes" como medallas, ponderais, fichas, papel moeda, etc. A Numismática desempeñou un importante papel no desenvolvemento dos estudos históricos, especialmente no nacemento da Arqueoloxía.

O termo actual "moeda" procede do latín moneta, sobrenome da deusa romana luno Moneta, xunto a cuxo templo os antigos romanos ubicaron o seu primeiro obradoiro de cuñaxe. Na moeda participan tres elementos fundamentais como son o metal, cuxa calidade e proporción rixen o valor intrínseco da moeda; o peso, que da lugar a creación dunha escala de valores, base de todo o sistema monetario, e os

tipos e motivos que decoran ambas caras da moeda, anverso e reverso, que, polo xeral, están en relación coa autoridade emisora e co valor nominal da peza.

As moedas son a forma de diñeiro máis importante da historia, dende a súa aparición a finais do s. VII a.C. na costa grega de Asia Menor e na China.

ANVERSO REVERSO



ANVERSO REVERSO



GLOSARIO

Anverso: Cara da moeda ou medalla en que figura o motivo principal, xeralmente unha cabeza ou efixie humana.

Reverso: Cara da moeda ou medalla oposta ao anverso, que adoita levar divindades, alegorías, figuras decorativas, lendas, etc.

Bordo: Canto ou perfil exterior dunha moeda, medalla, etc.

Campo: Espacio libre na cara dunha moeda ou medalla onde se colocan os tipos.

Ceca: Lugar de produción, obradoiro ou edificio onde se cuña moeda.

Exergo: Parte inferior dunha moeda ou medalla, xeralmente separado do resto de figuras por unha liña horizontal, onde se pode indicar a ceca, as siglas do gravador e a data ou valor da moeda.

Gráfila: Pequena orla, normalmente formada por pontiños ou por unha liña, que corre en paralelo ao bordo da moeda, delimita o seu campo e enmarca o tipo, tanto no anverso como no reverso.

Tipo: Figuras principais representadas nunha moeda ou medalla.

FABRICACIÓN DAS MOEDAS

TÉCNICAS ARTESANAIS

As técnicas tradicionais de acuñación, empregadas en Europa ata o século XVI e noutros lugares ata o XIX, foron o martelado e a fundición.

O martelado constituía unha técnica de carácter case artesanal, que require escasos manipuladores e pouco cualificados en xeral. A moeda obtense colocando un cospel (disco de metal de medida e peso apropiados), entre dous cuños, cos gravados, en negativo, do anverso e reverso. Un golpe de martelo sobre o cuño superior

traspasa os relevos ao disco converténdoo en moeda. Dado o seu carácter artesanal, moitas veces as figuras saen descentradas ou con diferente marcado do relevo.

O segundo sistema é o de moldeo. Entre dúas valvas, cos respectivos relevos negativos de anverso e reverso, dispérsase o metal fundido. Entre as moedas intercálanse as consecuentes canles de dispersión, que é necesario contar máis tarde e que deixan evidentes pegadas nas moedas.




Moeda martelada (8 reais de Felipe II)

Martelado e moldeo



Reconstrución dunha ceca romana, con cuñaxe por martelado (esquerda) e moldeo (dereita)







Sistema de moldeo Moeda da Caetra con restos de "ala" por obtención a moldeo

FABRICACIÓN DAS MOEDAS (2)

TÉCNICAS MECÁNICAS

A mediados do século XVI, comezan a impoñerse en Europa a acuñación mecánica, en enxeños, mediante diversa maquinaria, que requiría maiores coñecementos técnicos e maior especialización. As moedas, con mellor relevo e maior calidade gráfica, obtíñanse xeralmente a partir de ferros metálicos obtidos en laminadoras de rodetes. Entre os diversos modelos destacan a prensa de rodetes e a de volante.

Polo primeiro método a lámina metálica pasaba entre dous rodetes calibrados e sincronizados, co anverso e o reverso, obténdose a moeda mediante "estampaxe".

Nas prensas de volante ou balancín traballábase con cospeles realizados previamente. O cuño de reverso fixábase a un eixo de parafuso e, por tanto, era móbil. A pila ou anverso fixábase na parte inferior. Por medio dun balancín de contrapesos, o parafuso, e o cuño de reverso, descendida sobre o cospel interposto. Os contrapesos aseguraban a inercia, impulsados pola forza exercida por varios operarios que tiraban dunhas sogas fixadas aos extremos do volante.

Fig. 1. Fig. 4. Fig. 5. Fig. 6. Fig. 6.

Monnoyage, Balancier


Prensa de volante




- ▲ Prensa de volante. Enxeño (Ceca de Segovia)
- Esquema dun obradoiro de cuñaxe segundo a enciclopedia Diderot (s. XVIII)
- ▼ Persoal traballando nunha ceca de volante

TÉCNICAS MODERNAS

As Casas da Moeda actuais, a partir de século XX, baséanse substancialemente na tecnoloxía, con todo o proceso mecanizado. Con iso obtéñense series monetarias de cuños detallados, homoxéneas, de rápida saída e en cantidades abundantes. Por outra banda, á cuñaxe monetaria únese a impresión de billetes e de papeis do Estado.











Moeda de 8 reais de prata de Fernando VI (1757) producida por medios mecánicos *(Comparar ca moeda martelada)*

A MOEDA NA ARQUEOLOXÍA, NA ARTE, NA HISTORIA.NA LITERATURA E NA RELIXIÓN

A MOEDA...

A numismática é unha ciencia e o estudio das moedas proporciona datos moi variados polo que se considera unha importante fonte documental sobre a política, o comercio, costumes, xeografía..., pero tamén sobre arte, historia, iconografía e/ou crenzas relixiosas. Polo tanto, é un elemento fundamental para o coñecemento do noso pasado.

NA ARQUEOLOXÍA

Hallan una antigua moneda española en una tumba alemana

Una moneda española del siglo VI fue hallada en una tumba medieval en Ghota (Este de Alemania) por un equipo dirigido por el arqueólogo Christian Tannhäusser. Thanhäusser, al presentar los hallazgos de la excavación, dijo ayer que la moneda había sido acuñada en la España Visigoda lo que apunta a que la nobleza medieval de la región tenía relaciones con la Península. Otros objetos, como una lámpara bizantina, apunta también a vínculos con otras regiones remotas.

(Extraído da prensa)

NA HISTORIA

Representación dun cipo conmemorativo flanqueado cas letras S(enatvs) C(onsvltvs).

Conmemoración do Milenario da Fundación de Roma (ano 248)



Representación das armas dos vencidos: *caetra* (escudo), *soliferra* (lanzas) *falcata* (espada) e *pugio* (puñal).

Conmemoración da victoria das Guerras Cántabras (26-19 aC.)



NA ARTE

"A redención de cativos por San Pedro Nolasco"

Pedro de la Cuadra (1589-1629). Ca. 1599, Madeira policromada. Procedente do Convento da Mercé Calzada. Museo Nacional de Escultura de Valladolid.

Neste altorrelevo represéntase o pago en moedas do rescate de escravos ou cativos que se desenvolvían nos séculos VI e XVII pola Orde da Mercé.





NA RELIXIÓN

Do Santo Evanxelio segundo San Marcos 12, 13-17.

En aquel tiempo, los sumos sacerdotes, los escribas y los ancianos le enviaron a Jesús unos fariseos y unos partidarios de Herodes, para hacerle una pregunta capciosa. Se acercaron, pues, a Él y le dijeron: "Maestro, sabemos que eres sincero y que no te importa lo que diga la gentes, porque no tratas de adular a los hombres, sino que enseñas con toda verdad el camino de Dios. ¿Está permitido o no pagarle el tributo al César? ¿Se lo damos o no se lo damos?". Jesús, notando su hipocresía, les dijo: "¿Por qué me ponen una trampa?. Traedme una moneda para que yo la vea". Se la trajeron y Él les preguntó. "¿De quién es la imagen y el nombre que lleva escrito?". Le contestaron: "Del César".

Entonces les respondió Jesús: "Dad al César lo que es del César y a Dios lo que es de Dios".





NA LITERATURA

El Aleph. "El zahir"

..."pensé que no hay moneda que no sea símbolos de las monedas que sin fin resplandece en la historia y en la fábula. Pensé en el óbolo de Caronte; en el óbolo que pidió Belisario; en los treinta dineros de Judas; en los dracmas de la cortesana Laís; en la antigua moneda que ofreció uno de los durmientes de Efeso; en las claras monedas del hechicero de las 1001 Noches, que después eran círculos de papel; en el denario inagotable de Isaac Loquedem; en las sesenta mil piezas de plata, una por cada verso de una epopeya, que Firdusí devolvió a un rey porque no eran de oro; en la onza de oro que hizo clavar Ahab en el mástil, en el florín irreversible de Leopold Bloom; en el luis cuya efigie delató, cerca de Carennes, al fugitivo Luis XVI"...

..."Nada hay menos material que el dinero, ya que cualquier moneda (una moneda de veinte centavos, digamos) es, en rigor, un repertorio de futuros posibles. El dinero es abstracto, el dinero es tiempo futuro"...

"Ética a Nicómaco"

..."A moeda, como unha medida, iguala as cousas facéndoas conmensurables; non habería asociación se non houbese cambio; nin cambio se non houbera igualdade, nin igualdade, se non houbera conmesurabilidade"...









CREACIÓN E FORMACIÓN DA COLECCIÓN NUMISMÁTICA DO MPL


Desde a creación do Museo Provincial de Lugo no ano 1932, a Numismática estivo presente entre os seus fondos museográficos ata conseguir a día de hoxe unha copiosa colección que abarca cronoloxicamente desde a época republicana romana ata a acualidade. Na exposición permanente móstrase só unha parte representativa. Atópanse inventariadas case 8.000, pero hai outro conxunto en proceso de estudio e clasificación.


A caracterización xeraL da colección mostrada no MPL, agrúpase nas seguintes seccións: moeda hispana antiga, moeda romana, moeda medieval, moeda moderna e contemporánea, estranxeira e as medallas. Como pezas singulares destácanse as moedas indíxenas da Caetra, datadas entre os anos 25 a.C e 23 a.C, ou as mostras hispano musulmás.

O principal obxectivo deste traballo é a difusión do noso case descoñecido patrimonio numismático, a súa posta en valor, así como a divulgación da historia da colección desde a súa orixe e formación ata hoxe.




Primeiras fichas catalográficas de moedas. 1932





Distribución das moedas medievais s.s. X-XV

Alfonso V Alfonso I Fernando III Fernando IV Alfonso XI Sancho IV Alfonso XI Pedro I Enrique II Juan II Enrique IV Alfonso V Reis Católicos



Distribución xeral dos conxuntos monetarios do MPL por épocas: dende o siglo IV a.C. ata o s. XX

Primeiras fichas catalográficas de moedas. 1932



Moeda prerromana, romana e medieval

A MOEDA PRERROMANA

HISPANO-CARTAXINESA

A presencia comercial púnica na Península ibérica constátase xa no s. VIII a.C., aínda que faise patente no s. III a.C. cando no ano 237 a.C, Amílcar Barca, pai de Aníbal, desembarcou en Gadir (Cádiz) coas súas tropas entre a primeira e segunda Guerras Púnicas, iniciando o primeiro proceso de monetización da península.

O valor máis usual é o Shekel ou Siclo de bronce, cun peso de entre 9 e 17 g. Xeralmente, nos anversos aparecen as cabezas dos principais deuses fenicios/púnicos (Ba'al Ammon, Tanit ou Melkart) e nos reversos, dentro de certa variedade, figuran os atúns (Gadir), o touro (Kastilo) e o cabalo (Qart Hadast).

Normalmente anepígrafas, sen lendas, so nalgúns casos atopamos a breve mención do lugar de procedencia escrita xeralmente en caracteres púnicos.

Son varias as cecas coñecidas: Ebusus (Ibiza), Seks (Almuñecar, Granada), Abdera (Adra, Almería), Malaka (Málaga) e, sobre todo, Gadir (Cádiz), Kastilo (Cástulo, Linares, Xaén) e Qart Hadast (Cartagena, Murcia).



Gades (Finais do século II a.C.)



Cartago Nova (Finais do século III a.C.)



Cartago Nova (310-280 a.C.)

REPUBLICANA: FAMILIA-GENS

Tras as primeiras tentativas monetarias, arredor do século III a.C. (268), Roma, a piques de comezar a Primeira Guerra Púnica, crea unha moeda de prata con valor de dez ases, marcado co signo de valor X e co nome de denario, influenciado polo dracma grego. Pouco despois, no 217 a.C., agora con valor de 16 ases, converteuse na base do sistema monetario romano durante case cincocentos anos.

O seu peso variou desde os los 4,54 g. iniciais a 3,9 g. entre 217 a.C. e 64 d.C., ano no que, con Nerón (54-68 d.C.), rebáixase a 3,4 g., logo a 2,6 g. con Marco Aurelio (161-180 d.C.), a 1,70 con Septimio Severo (193-211 d.C.) ata desaparecer con Caracalla (211-217), deixando paso ao Antoniniano.

A nosa colección conta con varias mostras de denarios republicanos senatoriais e de acuñacións familiares, xa que, aparte do Senado, con carácter estatal, tamén as grandes familias e gens patricias podían acuñar moeda.

No anverso adoita aparecer a alegoría de Roma simbolizada por unha cabeza feminina, ás veces con pendentes e colar, e case sempre con casco protector de moi variada forma. Adoita aparecer tamén unha X, (10) como signo de valor. Nos reversos inclúense cuadrigas ou bigas guiadas xeralmente por Júpiter, así como, no seu caso, cos símbolos totémicos das familias acuñadoras, caso do elefante de César. En consonancia, as lendas, tamén segundo os casos, redúcense a SC (Senatus Consultum = Con autorización do Senado), a indicación de Procedencia (ROMA) e/ou o nome da familia ou persoa emisora.



Gens CIPIA-M. Cipius





Gens MINUCIA-Quintus Minutius Thermus



Gens PORCIA-Caius Porcius Catus

AS PRIMEIRAS EMISIÓNS: HISPÁNICAS CON LENDA INDÍXENA E HISPÁNICAS CON LENDA LATINA (1)

HISPÁNICAS CON LENDA INDÍXENA

A diferenza de gregos e púnicos, Roma impón auténticas conquistas territoriais e a posterior integración destes territorios no sistema administrativo e cultural romano.

Desta maneira, desde a Segunda Guerra Púnica, a mediados do s. III a.C., moitas tribos, pobos, cidades ou autoridades indíxenas copian, con permiso de Roma, o seu sistema monetario en valores e módulos, en prata ou bronce, aínda que con tipos propios e lendas en alfabeto ibérico, coas súas variantes. A mediados do século I a.C., implántase o latín e comeza a emisión, agora máis abundantes, das "cecas municipais", emitidas en cidades xa romanas, colonias e municipios, ata a súa desaparición no reinado de Calígula.

O tipo ibérico máis característico, xeralmente con valor de as, é unha moeda de bronce con anverso de cabeza masculina espida ou diademada e no reverso un xinete con escudo e lanza no reverso. No exergo figura o nome da cidade/ tribo emisora en alfabetos ibéricos.

Na nosa colección, consignamos algún destes enclaves indíxenas: Arse, Bilbilis, Bolskan/Osca, Castulo, Titiacos, Obulco e Uxama.



Nome	Ubicación	Alfabeto ibérico
ARSE	Sagunto – Alicante	DJ9E
BILBILIS	Calatayud – Alicante	717179
BOLSKAN/OSCA	Huesca	MAMIX
CASTULO	Linares – Xaén	↑10™
TITIACOS	Tricio – A Rioxa?	8 M4 P8 M
OBULCO	Porcuna – Xaén	11111
UXAMA	Burgo de Osma– Soria	TMPETS



AS PRIMEIRAS EMISIÓNS: HISPÁNICAS CON LENDA INDÍXENA E HISPÁNICAS CON LENDA LATINA (2)

HISPÁNICAS CON LENDA LATINA

A mediados do século I a.C., comezan as emisións provinciais hispanas que perduran ata o reinado de Calígula (37-41 d.C.), con cuñaxes de ases, aínda que tamén sestercios, dupondios, semises e cuadrantes.

Con Augusto, impóñense os anversos co retrato do emperador reinante e a súa titulatura xunto coa mención do lugar de procedencia. No reverso segue abundando a figura do xinete, aínda que desaparecerá a favor do touro e a xugada guiada por un sacerdote aludindo a ritos de fundación. Neste lado, as lendas, en alfabeto e lingua latina, fan referencia ao nome das autoridades locais (os duumviri/duoviri).

Na nosa colección contamos con exemplares municipais de *Bilbilis*, *Caesaragusta*, *Calagurris*, *Celsa*, *Ercavica*. *Emerita*, *Carteia*, *Corduba*, *Itálica*, *Ilici*, *Carhtago Nova*, *Turiaso* e *Clunia*.



Nome oficial	Nome usual	Nome actual
Municipium Augusta Bilbilis	BILBILIS	Calatayud - Zaragoza
Colonia Caesar Augusta	CAESARAUGUSTA	Zaragoza
Municipium Calagurris Nassica Iulia	CALAGURRIS	Calahorra - La Rioja
Colonia Urbs Iulia Nova Carthago	CARTAGO NOVA	Cartagena - Murcia
Colonia Libertinorum Carteia	CARTEIA	San Roque - Cádiz
Colonia Iulia Victrix Celsa	CELSA	Velilla - Zaragoza
Colonia Clunia Sulpicia	CLUNIA	Coruña del Conde - Burgos
Colonia Patricia Corduba	CORDUBA	Córdoba
Colonia Iulia Augusta Emerita	EMERITA	Mérida - Badajoz
Municipium Ercavica	ERCAVICA	Cañaveruelas - Cuenca
Colonia Iulia Ilicia Augusta	ILICI	Alcudia de Elche Alicante
Colonia Aelia Augusta Italica	ITALICA	Santiponce - Sevilla
Lucus Augusti	LUCUS	Lugo
Municipium Turiaso	TURIASO	Tarazona - Zaragoza







Dupondio

CAETRA

Dentro destas emisións, a chamada *caetra* aféctanos directamente xa que se trata da primeira emisión monetal realizada en Galicia, con ceca en Lugo moi probablemente.

Posta en circulación por Octavio Augusto entre 25-23 a.C con valores de *as* e *dupondio*, como medio de pago para os continxentes de tropas participantes nas Guerras Cántabras, cuñouse posiblemente no solar de *Lucus Augusti* antes da súa fundación urbana: polo mesmo constitúe unha moeda campamental. Ambos os dous valores

coinciden no deseño do anverso, cabeza espida do emperador, cunha palma diante e o caduceo, símbolo do deus Mercurio, atrás, e a lenda IMP(erator) AVG(ugustus) DIVI F(ilius) = O emperador Augusto, fillo do divino César. Nos reversos, o as mostra só a caetra (escudo galaico) mentras que nos dupondios este vai acompañado por dúas soliferra (lanzas), falcata (espada) e puñal. Son estas as armas dos vencidos aos que Augusto acaba de someter. O seu uso perdura ata o reinado de Tiberio (14-37 d.C.).

A MOEDA ROMANA ALTOIMPERIAL

Entre as numerosas reformas de Octavio Augusto (27 a.C.-14 d.C.) figura a monetaria. Creou un sistema que se mantería case dous séculos con algunhas modificacións.

Este sistema inclúe:

- 1. Fixación dos diversos valores e paridades entre as diversas moedas en base ao as (ver cadro).
- 2. Introdución e extensión da moeda de ouro.
- 3. Reserva da cuñaxe de moeda de ouro e prata para o emperador e da de cobre e oricalco para o Senado, coa indicación (*S(enatus) C(onsultum)* = Coa autorización do Senado.
- 4. Inclusión no anverso do retrato imperial, e ocasionalmente, dos seus familiares, con cabeza espida ou coroa de loureiro, acompañado da titulatura imperial.
- 5. Variación dos tipos do reverso, que inclúen alegorías, retratos familiares, conmemoracións, monumentos, fundacións urbanas, altares, lemas, etc., como plasmación da propaganda política imperial.

6. Asentamento da ceca principal, e case exclusiva, en Roma.

Este sistema perdurou dous séculos con algunhas pequenas modificacións como a ordeada por Nerón (54-68 d.C.) quen rebaixa o peso do áureo a 7,27 gramos e o do denario a 3,41, g. ademais de reducir a súa pureza ao 90% de prata.



Sestercio - Adriano (117-138 d.C.)





As - Claudio (42-43 d.C.)





Áureo - Nerón (66-67 d.C.)





Denario - Trajano (103-11 d.C.)

NOME	ÁUREO	QUINARIO	DENARIO	QUINARIO	SESTERCIO	DUPONDIO	AS	SEMIS	QUADRANTE
METAL	Ouro	Ouro	Prata	Prata	Oricalco	Oricalco	Cobre	Bronce	Bronce
PESO OFICIAL	7,79 g	3,89 g	3,89 g	1,94 g	24,28 g	13,64 g	10,9 g	5,45 g	2,72 g
VALOR	400 ases	200 ases	16 ases	8 ases	4 ases	2 ases	1 as	½ ases	1/4 ases

Sistema monetario romano altoimperial desde Octavio Augusto (27 a.C -14 d.C.) ata Caracalla (211-217 d.C.).

Co emperador Caracalla, no 215 d.C., as reformas son máis profundas. Diminúe o peso do áureo ata os 6,54 g. e, sobre todo, crea o Antoniniano.

Teoricamente, o Antoniniano é unha moeda de prata equiparable ao denario, cun peso oficial de 5,54 g. En realidade, xa desde os primeiros momentos, foi sometida a constantes desvalorizacións, polo que, nos momentos finais, baixo o reinado de Aureliano, apenas pesaba 2,5 g e era basicamente de billón (cobre + estaño) cun baño exterior de prata.

Outra característica é que no retrato imperial, a tradicional coroa de loureiro substitúese pola radiada.



VOLUSIANO (251- 253). Antioquía



GALIENO (260-268)



SALONINA (253-268)



PROBO (276-278)

RETRATOS IMPERIAIS NAS MOEDAS

En xeral, a retratística romana ata o Baixo Imperio caracterízase polo realismo.

Neste cadro incluímos os retratos dos emperadores romanos desde Octavio Augusto ata o derradeiro, Rómulo Augústulo, destacando con fondo escuro aqueles representados na nosa colección.

R. AUGUSTULO

NEPOTE



A MOEDA ROMANA BAIXOIMPERIAL (1)

O paso do Principado ao Dominado, do Alto ao Baixo Imperio, implica unha importante reforma monetaria cuxos protagonistas son Diocleciano (284-305 d.C.) e, sobre todo, Constantino I (306-337 d.C.). Este último sistema, moi complexo e con puntos aínda descoñecidos, queda resumido no cadro seguinte:





NOME	SÓLIDO	SEMISSE	MILARENSE	SILIQUA	Follis/NummusCentenionial/ Mariorina/AE1/AE2/ AE3/AE4
METAL	Ouro	Ouro	Prata	Prata	Bronce/Cobre/Prata
PESO	4,54 g	2,27 g	4,5/3 g	3,4/0,8 g	27-10 mm
VALOR	180 follis	90 follis	15 follis	7,5 follis	1 as







Constancio II (348-352)



Valente (364-379)



Flavio Constante (342-348)

Ademais destas, outras modificacións foron:

- 1.- O emperador se reserva a cuñaxe en todos os metais, o que xa viña facendo desde o reinado de Galieno (260-268 d.C.).
- 2.- Ampliación de número de cecas e officinae por todo o Imperio, dispersión comezada por Aureliano (270-275 d.C.) a moitas cidades do imperio baixo a supervisión de funcionarios imperiais para conseguir unha certa uniformización en módulos, tipos, pesos e valores. En consecuencia, para diferenciar as producións, introdúcese o nome das diferentes cecas.
- 3.- Cambios tipolóxicos. Agora o emperador aparece con diademas ricas, adornadas con perlas, pedras preciosas e rosetas e o seu retrato empeza a separarse do realismo, achegándose, en ambos os casos, a modelos esquemáticos prebizantinos.
- 4.- As lendas do anverso seguen empregando a titulatura imperial e as do reverso adoitan facer mención ao emperador (Reparatio/Spes Rei Publicae = Restablecemento do ben público) ou ao exército (Gloria Exercitus) como restauradores do Imperio.
- 5.- Introdución de simboloxía cristiá, como a cruz, o crismón nas súas diversas variantes ou o estandarte cristián.

A MOEDA ROMANA BAIXOIMPERIAL (2)

FINAL

Inmerso o Imperio en cruentas escisións, alzamentos de usurpadores, asesinatos de emperadores, grave decadencia económica, cambios relixiosos e reiterados asaltos de pobos bárbaros, o seu sistema monetario perviviu entre grandes dificultades ata o 476 d.C. ano no que Odoacro, rei dos Hérulos, depón ao último emperador romano, Rómulo Augústulo.

En Hispania, practicamente desaparecerá a moeda ata o século XI.



Localización das principais cecas baixoimperiais

		Localización das principais cec	as balkolliperials
Nome usual	Nome antigo	Nome actual	País
Alexandría	Αλεξάνδρεια	Alexandría	Exipto
Ambianum	Samarobriva Ambianorum	Amiens	Francia
Antiochia ad Oronte	Άντιόχεια	Antakya	Turquia
Aquileia	Colonia Aquileia	Aquilea	Italia
Arelate	Colonia Ivlia Paterna Arelatensium Sextanorum	Arles	Francia
Barcino	Colonia Iulia Augusta Paterna Faventia Barcino	Barcelona	España
Caesaraugusta	Colonia Caesar Augusta	Zaragoza	España
Camulodunum	Colonia Claudia Victricensis	Colchester	Reino Unido
Carnutum	Καρνους / Colonia Vlpia Carnuntum	Petronell	Austria
Carthago	Colonia Iulia Concordia Carthago	Tunisia	Tunisia
Colonia	Colonia Claudia Ara Agrippinensium	Colonia	Alemaña
Corduba	Colonia Patricia Corduba	Córdoba	España
Constantinopolis	Κωνσταντινούπολης	Estambul	Turquía
Cyzicus	Κύζικος	Belkis	Turquía
Emerita	Colonia Iulia Augusta Emerita	Mérida	España
Emesa	"Εμεσα	Homs	Siria
Ephesus	Έφεσος	Efeso	Turquía
Heraclea	Ήράκλεια	Marmara Ereğlisi	Turquía
Laodicea	Λαοδίκεια	Demizli	Turquía
Londinium	Londinium	Londres	Reino Unido
Lugdunum	Colonia Copia Claudia Augusta Lugdunum	Lyon	Francia
Mediolanum	Colonia Mediolanum	Milán	Italia
Moguntiacum	Moguntiacum	Maguncia	Alemaña
Narbo	Colonia Narbo Martius	Narbona	Francia
Nicomedia	Νικομήδεια	Izmit	Turquía
Ostia	Ostia	Ostia	Italia
Pergamun	Πέργαμος	Bergama	Turquía
Roma	Roma	Roma	Italia
Rotomagnus	Rotomagnus	Ruan	Francia
Serdica	Serdica	Sofía	Bulgaria
Sirmiun	Sirmium	Sremska Mitrovica	Serbia
Siscia	Segestica	Sisak	Croacia
Tarraco	Colonia Iulia Urbs Triumphalis Tarraco	Tarragona	España
Thessalonica	Θεσσαλονίκη	Tesalónica	Grecia
Ticinum	Municipium Ticinum	Pavía	Italia
Treveris	Augusta Treverorum	Trier	Alemaña
Viminacium	Viminacium	Kostolac	Serbia
			20.00

A MOEDA MEDIEVAL

Na colección numismática do MPL non hai exemplos nin de emisións suevas nin visigodas, cuxa base do sistema monetario foi o *tremis* de ouro.

A invasión islámica da Península trouxo consigo a implantación do seu sistema monetario, que se fundamenta en tres moedas: o *dinar* de oro, o *dirham* de plata e o *felús* de cobre. A moeda árabe caracterízase pola falta de imaxes nas súas caras, nas que aparecen nun principio lendas relixiosas, e durante os séculos VIII e IX, nomes de gobernantes, califas e outros personaxes.

A presenza de moeda musulmá deste período nos fondos do museo redúcese a 3 *feluses* da Conquista do Al-Andalus e un *dirham* do Emirato Independente.

Desde a moeda romana baixoimperial a colección dá un salto ata o século XI, coas moedas de Alfonso VI (1072-1109).

Por outra banda o groso da colección de numismas medievais corresponde a pezas dos séculos XI-XV, fundamentalmente á Coroa castelá-leonesa ou o Reino de León.



Coa morte de Pedro I comeza o reinado da Casa de Trastámara con Enrique II (1369-1379), con quen empeza a acuñarse o <u>cruzado</u>, considerada como "moeda mala", de baixa calidade, pero de alto valor de cambio.

Juan II (1406-1454) empeza a acuñar <u>brancas</u> en Burgos e Sevilla, ao parecer da mesma lei cas de Enrique III (1390-1406), do que non hai ningunha moeda nos nosos fondos.

Pero a gran novidade do mandato de Juan II foi a cuñaxe dunha nova peza do sistema monetario en ouro, a <u>dobra de banda</u>, de menor lei que a dobra tradicional e con un valor de 100 marabedís.

A colección de moeda medieval castelá do Museo acaba coas pezas de Enrique IV (1454-1474), chamado o Impotente, do que mostramos un <u>cuartillo</u>, moeda de billón acuñada por el.

Da Coroa de Aragón na colección de numismática só temos unha moeda, un <u>diñeiro</u>, pertencente o reinado de Alfonso V de Aragón e I de Mallorca.



Alfonso VI (1073-1109) acuñou <u>diñeiros</u> de billón e a súa metade o <u>óbolo</u>, primeiro en Toledo e máis tarde en León e Santiago. Na colección do museo temos un exemplar da denominada serie do crismón.

De Alfonso IX (1188-1230) consérvase o tesouriño de Buscás (Ordes, A Coruña) composto por 14 <u>diñeiros</u> e 2 <u>óbolos</u> da ceca compostelá.

No século XII Fernando II de León (1157-1188) e Alfonso VIII de Castilla (1158-214) imitan o *dinar* almorávide, instaurando así a primeira moeda de ouro castelá-leonesa que se coñece como "morabetino" ou *marabedí*; sendo substituído pola <u>dobra</u> de ouro, de orixe almohade, no reinado de Fernando III (1230-1252), alcanzando o seu maior auxe a partir de Fernando IV (1295-1312). Destes monarcas, xunto con Sancho IV (1284-1295) temos exemplares de moedas acuñadas en billón, pepións e cornados.

Pertencentes á época de Alfonso XI (1313-1350) forman parte da colección 17 moedas, todas de billón.

Pedro I (1350-1369) instaurou o <u>real</u> de prata, que foi a unidade do sistema monetario español ata mediados do s. XIX. Desta época forma parte da colección o Tesouriño de Muras (Lugo), composto por 34 reais, dos que 6 atópanse nun estado de conservación aceptable e o resto están bastante deterioradas.



AS MOEDAS DOS REIS CATÓLICOS

O sistema monetario viviu cos Reis Católicos un período de transición do medievo á modernidade. Á súa chegada ao trono (1474-1516) realizan dúas importantes reformas monetarias, unha no ano 1475 (Concordia de Segovia) e outra no 1497 (Pragmática de Medina del Campo), destinadas a unificar os sistemas monetarios existentes nos reinos de Castela e de Aragón.

No sistema monetario instaurado no ano 1475 determínase que a unidade monetaria común de ouro sexa o excelente ou dobre castelán, que seguía o sistema económico da dobra.



Anverso: Efixes de Isabel e Fernando sedentes, no trono, coroados, o rei coa espada e a raíña co cetro, acompañados pola lenda: FERNANDUS + ET ELISABETH (florón) DEI + GRACIA + REX + ET REGINA CASTELLE ET LEGIONIS ET SICILIE.

Reverso: Águia de San Juan Evanxelista sostendo os escudos separados de Castela-León e Aragón-Sicilia baixo unha coroa, e a lenda: SUB UMBRA ALARUM (florón) TUARUM + PROTEGENOS + DOMINE.

Na reforma de 1497 será substituído polo excelente da granada, equivalente ao dobre ducado, moeda de ouro europea.



Colección particular

Anverso: Busto dos reis afrontados, acompañados pola lenda: FERNANDUS ET ELISABET DEI GRACIA TEX ET REGINA CASTELLE E LEGIONIS E ARAGONUM E SICILE E GRANATE.

Reverso: Escudo cuartelado coas armas de Castela-León e Aragón-Sicilia e na punta a granada, baixo a águia de San Juan, rodeado pola lenda: SUB UMBRA ALARUM TUARUM PROTEGE NOS.

Xunto ás emisións en ouro, cúñanse <u>reais</u> de prata e <u>marabedís</u> de cobre, ambos os dous cos seus correspondentes múltiplos e divisores. Nos fondos numismáticos do museo consérvanse moedas axustadas á Pragmática de Medina del Campo.

Na reforma de 1497 os Reis Católicos tamén emitiron por primeira vez moeda de billón (aleación de prata e cobre), <u>brancas</u>.

Nesta etapa introdúcese na moeda a marca do ensaiador, consistente nas iniciais do nome do encargado de vixiar que a lei de aliaxe utilizada para a amoedación fora a correcta.



MOEDAS SENLLEIRAS DA COLECCIÓN NUMISMÁTICA DO MPL

Formando parte da Colección de Numismática do Museo hai unha serie de moedas enmarcables dentro do arco cronolóxico desta mostra (s. III a.C.- s. XV), pero significativas de seu, ben pola súa unicidade ou rareza.

En primeiro lugar, mencionaremos catro numismas en bronce pertencentes á cuñaxes bizantinas, nas que se pode ver como nos reversos aparecen símbolos que indican o valor da moeda; así "K" significa 20 e "I" era 10. Ou tamén símbolos cristiáns como a cruz.

Unha peza moi significativa, pola sua rareza, é o <u>semidinar</u> de ouro de *Musa ibn Nusair* (85 H.=704 d. C). Esta peza foi recollida no solar do Novo Instituto de Ensino Medio de Lugo no ano 1944. Segundo o investigador F. Cebreiro Ares corresponde a unha serie emitida na *Ifriqylla*, nome árabe da rexión norteafricana, baixo o goberno de *Musa ibn Nusair* entre os anos 85-95 H., é pode ser considerada coma unha das pezas máis senlleiras da colección de numismática do MPL.





Moedas bizantinas



Outra peza a destacar é o *tarí* de Ruggero II (1140-1154), moeda característica normanda. Trátase dunha emisión híbrida, coa ceca de Messina no anverso e Palermo no reverso.

Formando parte tamén desta colección temos un Florín de Xénova, *Genovino*, cuñado por el duque de Milán e señor de Xenova Galeazzo Maria Sforza (1466-1476).

Outra moeda curiosa é un florín de ouro "goudgulden" emitido en Utrech (Holanda), por Rudolf von Diepholt, que foi bispo en Utrecht nos anos 1422 ata 1455, pasando logo á sé de Osnabrück.

E xa para rematar esta escolma temos exemplos, escasos, doutras cuñaxes medievais estranxeiras de menor valor, como poden ser dúas moedas francesas, un *Gros* tornés en prata de Felipe V (1316-1322) e unha branca, coñecida como guenard, de Carlos VI (1380-1422) en billón.



Tarí de Ruggero II (Ø 12 mm, peso: 0,9 g)



MOEDA HISPANA, MODERNA E CONTEMPORÁNEA





LIÑA SUCESORIA DAS CASAS DE AUSTRIA E BORBÓN



CASA DE TRASTÁMARA



CASA DE BORBÓN



ISABEL I DE CASTELA 1474-1504

Madrigal de las Altas Torres (Ávila). 22 de abril de 1451 Medina del Campo (Valladolid), 26 de novembro de 1504 Juan de Flandes,1485. Palacio Real de El Prado, Madrid.



FERNANDO II DE ARAGÓN 1474-1512

Sos (Zaragoza). 10 de marzo de 1452 Madrigalejo (Cáceres), 23 de xaneiro de 1516

Pintor inglés anónimo. Royal Collection Trust (detalle) ca. 150-10/@ Her Majesty Queen Elizabeth II,2015.



FELIPE V 1700-1746

LUIS I 1700-1746

Versailles. Ile de France. 19 de decembro de 1683 Madrid. 9 de xullo de 1746. Retrato de Felipe V. Jean Ranc. 1723. Museo del Prado (Madrid).



JOSÉ I 1808-1813

Corti (Córcega). 7 de xaneiro de 1768 Florencia (Italia). 28 de xullo de 1844 *Retrato do rei José I. Joshep Flaugier. 180*9. Museo Nacional de Arte de Cataluña



Madrid. 25 de agosto de 1707 Madrid. 31 de agosto de 1724 Luis I como rei de España. Jean Ranc. 1724. Museo del Prado (Madrid).



CARLOS MARÍA DE BORBÓN (CARLOS VII) 1868-1909

(Pretendente) Liubliana (Eslovenia), 30 de marzo de 1848 Varese (Italia). 18 de xullo de 1909 Anónimo. Fotografía. Ca. 1880

> **GOBERNO PROVISIONAL** 1868-1871





JUANA I DE CASTELA

Toledo. 6 de nove mbro de 1479 Tordesillas (Valladolid). 12 de abril de 1555)

Maestro da vida de Xosé ou da abadía de Afflighem, Flandes. Retrato da princesa Xoana. Ca. 1500, © Museo Nacional de Escultura, Valladolid.



FERNANDO VI 1746-1759

Madrid, 23 de setembro de 1713 Villaviciosa de Odón. 10 de agosto de 1759 Retrato de Fernando VI. Louis-Michen van Loo. Museo del Prado (Madrid).



AMADEO DE SABOIA

1871-1873 Turín (Italia). 30 de maio de 1845 Turín (Italia). 18 de xaneiro de 1890





CASA DE AUSTRIA



CARLOS I 1516-1558

FELIPE II 1556-1598

Gante (Bélxica). 24 de febreiro de 1500 Cuacos de Yuste (Cáceres). 21 de setembro de 1558. Carlos V en Yuste. Tiziano, 1548. Die Pinakotheken im Kunstareal München.

San Lorenzo de El Escorial (Madrid), 13 de setembro de 1598

Retrato de Felipe II. Alonso Sánchez Coello, 1557. Kunshistorisches



CARLOS IV 1788-1808

1759-1788

Madrid 20 de xaneiro de 1716

Museo del Prado (Madrid).

Madrid 14 de decembro de 1788. Retrato de Carlos III. Anton Raphael Mengs. 1761.

Portici (Nápoles). 11 de novembro de 1748 Nápoles. 19 de xaneiro de 1819. Carlos IV de vermello, 1789, E. de Gova Museo del Prado (Madrid).



FERNANDO VII

Francisco de Goya

San Lorenzo de El Escorial. 14 de outubro de 1784 Madrid. 29 de setembro de 1833.



1833-1868

Madrid. 10 de outubro de 1830 París. 9 de abril de 1904 Fotografía Jean Laurente Minier? Ca.1860



SEGUNDA REPÚBLICA 1931-1939

14 de abril de 1931 1 de abril de 1939



DITADURA FRANCISCO FRANCO 1939-1975

O Ferrol. 4 de decembro de 1892 Madrid. 20 de novembro de 1975





FELIPE III

Museum de Viena.

Madrid, 14 de abril de 1578

Valladolid. 21 de maio de 1527

Felipe III a cabalo. Diego Velázquez. 1634/1635. Museo del Prado (Madrid).



EFI IDE IV 1621-1655

Valladolid. 8 de abril de 1605 Madrid. 7 de setembro de 1665 Felipe IV de castaño y plata. Diego Velázquez. 1635. National Gallery. Londres.



CARLOS II

1661-1700





ALFONSO XIII. El africano

Madrid. 28 de novembro de 1857 El Pardo. 25 de novembro de 1885

ALFONSO XII

1874-1885

Madrid. 17 de maio de 1886 Roma. 28 de febreiro de 1941 Fotografía, Kaulak, 1916



JUAN CARLOS I

Roma. 5 de xaneiro de 1938



CARLOS DE AUSTRIA (Pretendente)

Viena. 1 de outubro de 1685 Viena. 20 de outubro de 1740

J. G. Auerbach. 1724. Real Sitio de la Granja de San Ildefonso (Segovia



A MOEDA DESPOIS DOS REIS CATÓLICOS: JUANA I DE CASTELA, CARLOS I E FELIPE II

Herdeira dos Reis Católicos, JUANA I DE CASTELA (Juana la Loca), recibe os seus inmensos dominios, aos que se engaden os do seu difunto esposo, FELIPE I de España, Felipe el Hermoso, en centroeuropa. Pero a súa presunta demencia apártaa do poder, aínda que conserva todos os seus títulos e honras. Por iso, o poder é compartido desde 1516 ata 1555, entre CARLOS I, o César, (1515-1558), orixe da Casa de Austria española, e a súa nai Juana I, auténtica raíña titular, propietaria do reino e señora dos dominios coloniais.

A moeda máis característica destes momentos é o marabedí, coas armas de Castela no anverso e as de León no reverso, incluíndo as marcas de ceca, valor e ano.









Felipe I de Castela

å	

Carlos I (1516-1558)

4 Marabedís de Carlos I

NOME	METAL	PESO	EQUIVALENCIA
ESCUDO	Ouro/Au	3,4 g	544
REAL	Prata/Ag	3,35 g	16
MARABEDÍ	Cobre/Cu		1

ESCUDO	REAL	MARABEDÍ
ESCUDO	Ouro/Au	3,4 g



Aínda que, no básico, manteñen o sistema dos seus antepasados, Carlos deixa de fabricar, en ouro, <u>excelentes</u> e <u>ducados</u>, que son substituídos desde 1535 polo escudo de 350/375 <u>marabedís</u>, <u>dobla</u> e a <u>onza</u>.

Pero Carlos, á parte de rei hispano, é tamén emperador dos seus dominios europeos en Alemaña, Austria, Países Baixos, Italia, etc. Con isto, a variedade de emisións acrecéntase con moedas acuñadas cos signos e marcas locais dando lugar a un complexo sistema monetario de tipos, valores, metais e procedencias e mostra, polo mesmo, unha gran complexidade.

Este enorme poder e riqueza contén un paradoxo: o custo de manter, no militar e administrativo, tan vastos territorios supera con fartura os ingresos. Así, Carlos atópase sempre ao fío da bancarrota que só consegue capear mediante préstamos a elevado interese contraídos con banqueiros alemáns, xenoveses, florentinos e portugueses.

A crise estala con FELIPE II, o Prudente (1558-1598). O tesouro americano xa non abonda para compensar os gastos.

A recadación fiscal atópase en mínimos nun país de rentistas e beneficiados. A agricultura, gandería e industrias son rudimentarias e non proporcionan beneficios.

Sen ingresos e con grandes débedas, Felipe II vese abocado a formular solucións extremas como declarar o reino en suspensión de pagos, en bancarrota, e farao ata cinco veces ao longo do seu reinado, en 1557, 1560, 1574, 1576 e 1596. Pero, falto de diñeiro despois de de cada suspensión solicita novos préstamos entrando desta maneira en círculo vicioso. Non é de estrañar, que as moedas de ouro e prata deixen de circular ante esta inseguridade, agravando aínda máis a crise.



Barcelona	♦ B/A B\ B\ *
Burgos	В
Bilbao	B
Cádiz	č
Cataluña	C.
Córdoba	C
Coruña	
Cuenca	CE EA G 📱
Denia	D ^a
Granada	₽ G
Jubia	J J +
Linares	S/L
Madrid	мй≠
Pamplona	₩ ₽
Santander	S ^R
Segorbe	so
Segovia	用人
Sevilla	s sl ∗
Toledo	Ť
Trujillo	Ŕ
Valencia	≌ ~ V
Valladolid	₹ VD
Zaragoza	Z CA





O Rei Prudente, ordea a fundación da primeira Real Casa da Moeda española, en 1580, coñecida como o Enxeño Vello de Segovia. A partir deste momento, a cuñaxe de moeda "modernízase" co emprego de maquinaria e prensas de rodete, abandonado o martelado.

Real Casa da Moeda de Segovia Enxeño de Segovia







4 Reais de Felipe III (1598-1621)

Felipe IV (1621-1665)

A MOEDA NA ÉPOCA DE FELIPE III, FELIPE IV. CARLOS II E CARLOS III

8 marabedís (1622)

FELIPE III e IV reciben unha pesada herdanza económica que se agudiza durante os seus reinados: industria inexistente, gastos militares, incapacidade recadatoria, acollemento a préstamos, dependencia dos tesouros americanos, expulsión dos moriscos, descenso demográfico, emigración de man de obra a América, gastos suntuarios incontrolados, etc. As solucións, polo mesmo, teñen que ser radicais.



Felipe III (1598-1621)





8 marabedís (1606)

IV ordena en 1626 o cesamento da cuñaxe de marabedís, limitándose a reselar emisións de cobre anteriores.

Fracasan os intentos de mellorar a calidade da moeda de baixo valor, que se converte en mero solto. Desta maneira, Felipe

O RESELADO consiste nunha serie de marcas en anverso e reverso sobre moedas de diferentes valores de marabedís, modificando o seu valor, con incremento ou devaluación, segundo os casos, cun afán fiscal recadatorio como derradeiro obxectivo.

8 marabedís (1664)











O procedemento é como segue:

- 1.- O particular entrega na ceca dúas moedas de 4 marabedís para o seu reselado.
- 2.- Unha das moedas se resela con valor VIII (8), duplicando o seu valor.
- 3.- Esta devólvese ao propietario que así non perde o valor do diñeiro entregado.
- 4.- A outra a retén Facenda.

RESELADOS AO LONGO DO S. XVII

1603	Dobrando o valor dos 2 e 4 maravedíes acuñados entre 1597 e 1602, a 4 e 8.
1628	Redución á metade de valor dos reselados en 1603
1636	Triplicado o valor, non reselado ata o momento
1641	Triplicando, de novo, o valor das pezas devaluadas en 1628
1642	Redución á cuarta parte das pezas reselladas en 1641
1643	Cuadriplicado do valor do reselado en 1603
1651	Cuadriplicado do valor das moedas de 1 e 2 marabedís de 1642
1652	Redución á cuarta parte das moedas reselladas en 1642
1654/55	Cuadriplicado de pezas ainda non retiradas, anteriores a 1592, de 1 e 2 marabedís.
1658/1659	Redución á cuarta parte





4 reais. Carlos II (1683)



Carlos II (1661-1700)

No seu testamento, Carlos II nomea herdeiro a Felipe de Anjou, o seu sobriño-neto, o futuro Felipe V. O rexeitamento a esta decisión por parte do Archiduque Carlos, posteriormente emperador Carlos IV de Austria, que reclama a coroa para si co nome de CARLOS III, provoca a Guerra de Sucesión Española (1701-1715). Na súa calidade de pretendente emite moeda nas zonas por el controladas - Cataluña, Valencia, Mallorca e parte de Aragón.









4 marabedís. Felipe III (1599) 4 marabedís. Felipe III. Reselo

O derradeiro dos Austrias, CARLOS II (1661-1700), consegue, non sen esforzos, remediar parcialmente a situación: menor gasto bélico, saneamiento da administración, encomenda da xestión económica a especialistas na materia, creación de entidades de control e xestión dos recursos, implantación das primeiras industrias "pre ilustradas", condonación de débedas municipais, limitación de gastos suntuarios, etc. constituían algunhas das medidas que aplica o monarca para paliar a situación.





Archiduque Carlos

30

A MOEDA DA CASA DE BORBÓN: FELIPE V, CARLOS III E CARLOS IV (1)



Felipe V (1700-1746)



Luis I (1724)



Fernando VI (1746-1759)



Carlos III (1759-1788)



Carlos IV (1788-1808)



4 marabedís Segovia (1742)



THE PARTY OF THE P

語

Escudo Lima (1749)



4 marabedís (1784)



2 marabedís Segovia (1808)

Tras a Guerra de Sucesión, instálase no trono español a Casa de Borbón, sendo FELIPE V o seu primeiro representante. E con el as ideas ilustradas de inspiración francesa que, no económico, plásmanse na promoción da industria, o combate contra o contrabando na mellora do sistema fiscal, no incremento dos pagos fronteirizos, nas medidas proteccionistas de importación de manufacturas e a exportación de gran, na recuperación do comercio e na explotación racional das posesións americanas e asiáticas mediante a creación de Compañías comerciais, etc.

Esta modernización económica, baseada nunha moeda estable e forte, implicaba a necesidade dun novo modelo monetario, con varias accións. O primeiro é o dun novo deseño caracterizado pola presenza no anverso do escudo real coroado (Castela, León, Aragón, Navarra e Granada co escudo da casa de Borbón) e león coroado protexendo dous globos terráqueos no reverso coa divisa *Utrumque virtute protego* (A ambos protexo coa virtude).

Por outra banda, a mesma reforma monetaria baseada en dúas accións. Dunha parte, no que afecta aos valores baixos, na retirada do desprestixiado solto anterior e a cuñaxe de novas moedas de cobre puro.

Pero o eixo desta reforma afecta de maneira primordial ás cuñaxes en prata, o real. Co precedente nas macuquinas do período dos Austrias, moedas de prata labradas a martelo y de estampado irregular, créanse novas pezas, agora en cuñaxe mecánica, con valores de 1 e 2, destinados a pagos menores e ao comercio interior.



Pero, sobre todo, serán especialmente preciadas, pola calidade do seu gravado e lei metálica, os valores superiores de 4 e 8 reais, acuñados con prata americana (prata indiana), das ricas minas de La Bufa de Zacatecas (México) e Cerro Rico de Potosí (Bolivia). Son os chamados reais fortes ou reais columnarios, polos dous globos terráqueos enmarcados entre columnas coroadas enlazadas co lema PLVS VLTRA (Máis aló) e completadas coa lenda VTRAQUE VNUM (De ambos fixo un). Estas pezas chegarán o seu maior esplendor durante os reinados de CARLOS III (1759-1788) e CARLOS IV (1788-1808).





RMPL

A MOEDA DA CASA DE BORBÓN: FELIPE V, CARLOS III E CARLOS IV (2)



Cerro Rico da Vila Imperial de Potosí (Bolivia)

O NOVO SISTEMA MONETARIO DE JOSÉ BONAPARTE. A MOEDA NA ÉPOCA DE FERNANDO VII

O goberno de JOSÉ BONAPARTE estableceu por decreto (18/4/1809) un novo sistema monetario que acuñaría na Real Casa da Moeda de Madrid pezas de ouro e de prata e na Casa da Moeda de Segovia as de cobre.

Introdúcense cambios e así, no anverso das moedas, aparece o busto do novo monarca cun estilo realista e máis próximo e no reverso o tradicional escudo de armas da monarquía será substituído por un puramente territorial dividido en seis cuarteis e sobre el a aguia dos Bonaparte.

Será durante a Guerra da Independencia (1808) cando se acuñen as primeiras moedas que levan inscrita a palabra peseta, emitíndose moedas de 1, 2 1/2 e 5 pesetas, fabricadas todas en Barcelona. Nesta primeira cuñaxe figura no anverso o valor nominal e no reverso o escudo da capital catalá.

De 1808 é unha moeda coa denominación "duro" acuñada durante a ocupación francesa en Girona, a nome de Fernando VII.

A recuperación do poder por parte de FERNANDO VII, en 1814, supuxo a volta ao sistema establecido por Carlos III.

As pezas de bronce presentan a cruz do infante don Paio ocupando a totalidade do reverso.



Moeda de 8 marabedís

Unha das novidades é que durante o goberno do Trienio Liberal (1820-1823) cámbianse as lendas monetarias e agora a titulación do rei exprésase en castelán, e o poder do monarca é "POR LA GRACIA DE DIOS Y DE LA CONSTITUCIÓN". Isto só se mantivo ata 1823 e non se volveu a retomar ata a época de Isabel II.

Na época de Fernando VII ábrese unha nova Casa de Moeda, a de Xubia (A Coruña), identificada por unha J, que acuñaba só pezas de cobre e que estivo en activo ata a inauguración da nova Fábrica de Moeda de Madrid.

A volta ao poder absolutista, a partir de 1823, supuxo o regreso do tradicionalismo monetario.



Dobrón de ouro de José I (Colección privada)



"Duro" en prata de Fernando VII



4 Cuartos de cobre de José I



5 pesetas de José I (Colección privada)





Moeda de 4 marabedís



4 reais de prata



Moeda de 10 reais

2 Reais de prata



33

A MOEDA NA ÉPOCA DE ISABEL II (1)

En 1833 sube ao trono a raíña ISABEL II, e inícianse as guerras carlistas. Nos primeiros anos continuou vixente o sistema monetario herdado do reinado de seu pai. As primeiras moedas presentarán algúns cambios, como que as lendas aparecen en castelán. Os anversos amosarán a evolución da idade da raíña no seu retrato.





8 marabedís de cobre



Retrato de Isabel II. Manuel Antonio Vales Rodríguez Colección MPL

Como consecuencia da I Guerra Carlista (1833-1840), acuñáronse unha serie de pezas de 1 peseta en prata (1836-1837) coas que pagarlle ás tropas institucionais, estes soldados eran coñecidos como os "peseteiros".

Un cambio significativo é que desaparece das moedas acuñadas en ouro o valor escudos, que pasa a denominarse reais, e en prata déixase de cuñar a moeda de oito reais e pásase á de 20 reais.



Esta reforma supón o fin do vello sistema do marabedí, que foi a base do sistema monetario español desde que Alfonso VIII de Castela o incorporara como moeda de ouro, ainda que a cuñaxe de moedas de 1, 2, 4 e 8 marabedís perdurou ata 1855. No caso das moedas labradas en cobre non levarán no anverso o busto da raíña e no reverso o único que cambiará será a lenda para especificar o valor de cada unha.







1 Peseta en prata



20 reais en prata

En 1848 lévase a cabo a primeira reforma monetaria deste período, baseada no sitema decimal; o real xa non se dividirá en marabedís senón en décimas, **1 Real = 10 Décimas**



Décima de Real en cobre

A MOEDA NA ÉPOCA DE ISABEL II (2)



En 1854 adoptouse o sistema de céntimos de real, que estará en vigor ata 1864. O real xa non se dividirá en décimas senón en céntimos; emitiranse pezas de 5, 10 e 25 céntimos.

1 Real = 100 Céntimos

En 1864 entrou en vigor unha nova lei monetaria, segundo a cal o escudo de prata sería a nova unidade. En ouro acuñáronse moedas de 10 (dobrón de Isabel), 4 e 2 escudos, en prata de 2 e 1 escudo e de 40, 20 e 10 céntimos de escudo.

1 Escudo= 10 Reais



10 escudos de Isabel II (Dobrón) (Colección particular)





10 céntimos de escudo



5 céntimos de escudo



½ céntimo de escudo

Tamén se emitiron moedas de bronce de 5, 2 ½ e ½ céntimos de escudo, que serán fabricadas pola empresa Casa Oescheger, Mesdach & Cía (siglas OM) en Barcelona.

En época de Isabel II mantivéronse algunhas emisións provinciais e así en Cataluña circularon pezas específicas.



6 cuartos de Cataluña

En 1861 autorízaselle a emisión de moeda de ouro e prata á Casa da Moeda de Manila (As Filipinas), baixo a tutela da Casa da Moeda de Madrid.





1 peso de ouro de As Filipinas

A MOEDA DO GOBERNO PROVISIONAL, DE AMADEO I, E DA PRIMEIRA REPÚBLICA. A MOEDA CARLISTA.

O 30 de setembro de 1868 Isabel II marcha de España e o 19 de outubro de 1868 por decreto do GOBERNO PROVISIONAL nace a <u>peseta</u> como unidade monetaria única, substituíndo aos reais e aos escudos que circulaban por España, só vinte días despois do destronamento de Isabel II.

Nesta primeira peseta de prata de curso legal, acuñada en 1869, aparecía no anverso o título de "GOBIERNO PROVISIONAL" en vez de "ESPAÑA", e unha personificación de Hispania inspirada nas moedas romanas do emperador Adriano, recostada sobre os Pirineos, coa Rocha de Xibraltar aos pés e levando na man extendida unha rama de oliveira.





2 Pesetas con ESPAÑA de 1869

5 Pesetas

Nas moedas en bronce, no anverso, aparece España coma unha matrona sentada sobre as rocas, hacia a dereita e coa rama de oliveira na man que repousa. No reverso aparece un león rampante sostendo o escudo de España. Como curiosidade dicir que as moedas de 10 céntimos foron coñecidas popularmente como "perra gorda" ou "cans" e as de 5 céntimos como "perra chica" ou "cadelas".



Tras a renuncia ao trono de Amadeo I, o 11 de febreiro de 1873 proclamouse a PRIMEIRA REPÚBLICA, nos dous anos escasos que durou non se fixo moeda propia e seguiron circulando as mesmas moedas do período do Goberno Provisonal. Coa proclamación da República Federal, comezou un período revolucionario que deu lugar a unha insurrección cantonalista independentista que foi rapidamente esmagada polas tropas do goberno da República, que recuperou todas as prazas agás Cartaxena, que ante a escaseza de moeda circulante, acuñou moedas de prata de 10 reais, de 2 e de 5 pesetas.

O 29 de decembro de 1874, o xeneral Martínez Campos restaurou a monarquía con Alfonso XII. Coa restauración borbónica comezou a terceira e definitiva Guerra Carlista. En 1875, CARLOS VII creou na cidade de Oñate (Guipúscoa) a súa propia "Real Casa da Moeda". Carlos VII só acuñou moedas de cobre, de 5 e 10 céntimos coa data 1875.



Nas seguintes acuñacións, e para todos os valores de prata, xa figura "ESPAÑA". E nos reversos o escudo coa coroa mural e a lenda coa expresión do valor e a talla (número de pezas en quilogramo).



O 16 de de novembro de 1870 proclamouse a AMADEO I rei de España, durante os dous anos que durou o seu reinado fabricáronse máis de 16 millóns de moedas de prata de 5 pesetas coa súa efixie, as de menor valor seguíronse acuñando cos tipos do Goberno Provisional. No reverso mantense o escudo de armas de España pero coa adición do sobrescudo coa cruz dos Saboya.



10 céntimos de cobre

A MOEDA DA RESTAURACIÓN: ALFONSO XII

Ata a Restauración non se volven a acuñar moedas de 1 peseta. A mediados de 1875, o gravador xeral da Casa da Moeda, Gregorio Sellán, crea os cuños das primeiras moedas, de 5 pesetas, de ALFONSO XII. Este primeiro duro de prata, co busto do rei no anverso e o escudo ovalado coas tres flores de lis, da Casa de Borbón, no centro do escudo de España e a coroa real en vez da coroa mural do Goberno Provisional, é coñecido como "preconstitucional", xa que a nova constitución non se elaborara e non figura no reverso a lenda (... REY CONSTITUCIONAL).

O rei xurou a Constitución en 1876 e, desde ese momento, xa aparece "REY CONSTL. DE ESPAÑA". A moeda de 1 peseta de 1876 é a primeira moeda constitucional, un pouco máis tarde saldrá a de 25 pesetas en ouro.



Duro de 1882

As moedas de cobre de 5 e 10 céntimos seguíronse fabricando en Barcelona nos talleres da empresa privada Oeschger, Mesdach & Cía. ata 1881. Para estas pezas Gregorio Sellán fixo outro retrato do rei no que aparece cunha fina patilla e lixeiros cambios no peiteado.



2 pesetas de 1879

Durante o reinado de Alfonso XII tamen se acuñaron moedas co valor de 10 pesetas en ouro. Estas pezas circularon pouco.

Na ceca de Manila (Filipinas) tamén se seguiu acuñando moeda.

En 1885 o rei morre; durante a Rexencia seguiuse acuñando moeda a nome de Alfonso XII ata o nacemento do seu fillo, o 17 de maio de 1886; son as coñecidas como moedas póstumas.



Duro "preconstitucional"



1 Peseta de 1876







25 pesetas en ouro. Colección particular

En 1877 acuñáronse os primeiros duros constitucionais, que seguen sen cambios no busto ata 1881. A partir de 1882 o retrato do anverso aparece coas grandes patillas do rei, acuñaranse ata 1885.







20 centavos de peso de As Filipinas



En 1879 empeza a fabricación das moedas de 2 pesetas, nestas pezas aparece o retrato do rei coas características patillas, ao estilo dos monarcas europeos da época como o emperador Francisco José I de Austria.

En 1880 saíron as moedas de 50 céntimos, tamén en prata, e nas que o rei sigue aparecendo de xeito similar.



10 pesetas ouro. Colección particular

A MOEDA DE ALFONSO XIII (1)

ALFONSO XIII foi coroado rei ao nacer, polo que se elaboraron cuños co seu retrato xa cando tiña só un ano, en 1897, empezando a fabricarse as moedas en 1888 e continuando co mesmo modelo ata 1892. Estas primeiras moedas foron coñecidas popularmente como as do "pelón".

A primeira moeda foi a de 5 pesetas (<u>duro</u>), de 1888, o seu peso é de 25 gramos de prata de 900 milésimas.

Tamén se acuñaron pezas co valor de 50 céntimos e 1, 2 e 20 pesetas.

A partir de 1892, o retrato do rei cambia e aparece co pelo rizado, polo que estas moedas foron chamadas de "bucles". Esta nova imaxe do rei perdurará ata 1895. En todas as moedas, agás a de 20 pesetas, o monarca mira á esquerda.

No 1895, foi nomeado gravador xeral da Casa da Moeda, Bartolomé Maura, un dos mellores e recoñecidos gravadores de finais do s. XIX e principios do s. XX de España, quen se encargará da terceira representación do rei, que nesas datas contaba con 9 anos; nela aparece cunha mecha de cabelo sobre a testa. As moedas con esta efixie acuñáronse desde 1896 ata 1902 e eran coñecidas como as do "tupé". Con este novo retrato acuñáronse moedas de 50 céntimos, 1, 5 e 20 pesetas en prata e a nova de 100 pesetas en ouro. Os duros de prata acúñanse, por última, vez en 1899.

Con esta representación tamén se acuñaron as últimas moedas de ultramar de España, entre 1895 e 1897, datas nas que se perderon Cuba, Puerto Rico e Las Filipinas en 1898.



Duro "pelón"



5 céntimos tipo "pelón"



Retrato de Alfonso XIII. Gumersindo Pardo Reguera. Colección MPL



Duro "bucles"



20 pesetas "bucles". Colección particular.



50 céntimos tipo "tupé"



1 peseta "tupé"





1 peseta "tupé"



1 peso de As Filipinas

A MOEDA DE ALFONSO XIII (2)

ALFONSO XIII, en 1902, cumpre 16 anos, xura a Constitución e releva á raíña nai, María Cristina, na rexencia do Estado. Dous anos máis tarde, Maura realiza a cuarta imaxe numismática do rei, na que aparece con uniforme militar, o que fixo que as moedas, que se acuñaron desde 1904 ata 1906, foran coñecidas como as do "cadete". Acuñáronse pezas cos valores de 1 e 2 céntimos en cobre, 50 céntimos, 1 e 2 pesetas en prata e 20 pesetas en ouro.



1 céntimo tipo "cadete"



2 céntimos tipo "cadete"




50 céntimos tipo "cadete"



1 peseta tipo "cadete"

Cando o rei ten 24 anos, e xa estaba casado con Victoria Eugenia, fáiselle un quinto retrato, que é moi similar ao anterior. As moedas de 1 e 2 céntimos serán as últimas que se acuñen con ese valor facial.



En 1926, faise o último retrato de Alfonso XIII, que aparece nunha moeda de 50 céntimos e será a última moeda de 50 céntimos en prata que se acuñe en España.

O ano seguinte, en 1927, a moeda de 25 céntimos aplícaselle o "taladro" (trade) central, nesta primeira moeda, con burato, o anverso aparece ocupado por un martelo e a coroa real. Esta é a última moeda de Alfonso XIII e, ata 1934, durante a II República, non se volverá a acuñar ningunha moeda en España.



25 céntimos de níquel



1 céntimo



50 céntimos de 1926. (Coleción particular)



50 céntimos de 1927. (Coleción particular)

A MOEDA DA II REPÚBLICA E DURANTE A GUERRA CIVIL (1)

O 14 de abril de 1931 proclámase a II REPÚBLICA, pero non será ata tres anos máis tarde que se acuñen dúas novas moedas, unha de 25 céntimos en níquel con trade central, en cuxo anverso aparece unha figura alegórica da República e o ano de cuñaxe e no reverso o valor facial e unha roda dentada.

A outra ten valor de 1 peseta, na que o anverso recorda á Hispania das moedas do Goberno Provisional. No reverso aparece o escudo republicano timbrado cunha coroa mural. Esta será a última moeda de 1 peseta que se acuñará en prata.



25 céntimos de 1934



1 peseta de 1933

Durante a GUERRA CIVIL o goberno da República, a principios de 1937, trasládase a Valencia e con el tamén a Fábrica de Moeda. Alí acuñáronse moedas de 5, 25 e 50 céntimos e de 1 peseta.



50 céntimos de 1937

A moeda de 5 céntimos é un dos poucos exemplos de moeda emitida a nivel nacional acuñada en ferro. No anverso leva unha cabeza feminina cun gorro frixio, símbolo revolucionario.

As pezas de 1 peseta, chamóuselles "rubia", porque no anverso levaban unha cabeza feminina co pelo solto, e pola cor do material con que estaban feitas, latón.

A última moeda republicana que circulou acuñouse en1938 e foi a de 25 céntimos, tamén con trade no centro.





1 peseta "rubia"



25 céntimos de 1938

A MOEDA DA II REPÚBLICA E DURANTE A GUERRA CIVIL (2)

A escasez de moeda oficial obrigou a diversas entidades territoriais a realizar emisións locais. Estas moedas, emitidas en 1937, foron retiradas en 1938.



50 ctms. do Consello de Santander, Palencia e Burgos



1 pta. do Consello de Santander, Palencia e Burgos





1 pta. do Consello de Asturias e León



2 ptas. do Consello de Asturias e León



1 pta do Goberno de Euskadi



2 ptas do Goberno de Euskadi

Antes de rematar a guerra, o bando franquista conseguiu abastecerse de moeda encargando a unha fábrica de Austria moedas de 25 céntimos con trade central. Acuñadas en 1938 e feitas en níquel, circularon ata 1951.

As primeiras moedas emitidas despois da guerra, foron pezas de 5 e de 10 céntimos en aluminio, cuxo anverso estaba inspirado nas moedas ibéricas dun "as".



10 Céntimos "Xinete Ibérico"



En 1944 acúñase a moeda de peseta chamada "del uno", fabricada entre 1944 e 1948 en cobre-aluminio, presenta un gran "1" no anverso, e o escudo de España en versión franquista no reverso.



Peseta de "1"

A MOEDA NA DITADURA E NA RESTAURACIÓN DA MONARQUÍA CON JUAN CARLOS I (1)

En 1947, na DITADURA comenza a utilizarse o busto de F. Franco nas moedas e a inscrición "FRANCISCO FRANCO CAUDILLO DE ESPAÑA POR LA G. DE DIOS". O retrato que aparece nestas pezas foi modelado polo escultor Mariano Benlliure, pero adaptado polo gravador xefe Manuel Marín. Este retrato utilizouse para as pezas de todos os valores excepto os 50 céntimos.





A finais dos anos corenta volvéronse a fabricar "duros" que eran de níquel e dun tamaño considerable.



A consecuencia do elevado custe do níquel, en 1951, suspéndese a emisión destas pezas e, cinco anos máis tarde, créase unha nova serie de tres moedas de 5, 25 e 50 pesetas, moito más pequenas e cun reverso moi moderno para a época, xa que presentaban o escudo sobre unha aguia voando; estas moedas circularán durante case 40 anos.







En 1953 acuñouse unha moeda de 2,5 pesetas coñecida como "o puchades" en referencia ao xogador do Valencia Puchades, porque a moeda era un "medio duro rubio" como o xogador.





En 1966 deseñouse un gravado novo máis acorde coa idade de Franco, o encargado foi o escultor Juan de Ávalos e utilizouse nas moedas de 50 céntimos de aluminio, 1 peseta de bronce e 100 pesetas que volveron a ser de prata ata 1970.





A MOEDA NA DITADURA E NA RESTAURACIÓN DA MONARQUÍA CON JUAN CARLOS I (2)

A restauración da monarquía con JUAN CARLOS I en 1975, en principio non supuxo cambios significativos nas moedas, a excepción da incorporación da imaxe do rei no anverso da moedas, xa que o reverso conserva o vello escudo.

Só nos reversos das moedas de 5 e de 50 pesetas aparecen distintivos novos como a coroa real, o colar da orde de Toisón e o escudo coa Casa de Borbón coas tres flores de lis.

A única que variou totalmente o reverso foi a de 25 pesetas, onde aparece unha gran coroa real.

Co motivo da celebración do Mundial de Fútbol, en 1982, deseñáronse novas emisións, por primeira vez utilízase a moeda para facer publicidade dun acontecemento popular.

En 1983 altérase a aliaxe das pesetas e fabrícanse en aluminio.

En 1989 redúcese o tamaño das pesetas de aluminio, pasando de 21 a 14 mm, unha das moedas máis pequenas do mundo, coñecida popularmente como a "lentella" e que estará en circulación ata que o euro substitúa definitivamente a peseta a partir do 1 de xullo do ano 2002.

A moeda de 5 pesetas tamén modificou o seu diámetro, o seu deseño e a súa composición.

Outra novidade é a aparición das moedas de 500 pesetas cos bustos do rei e a raíña no anverso. Nestas moedas aparece o invento español da "imaxe latente" para protexelas das falsificacións.

Na década dos noventa, en determinadas moedas, desaparece dos anversos a efixie do gobernante e grávanse motivos referentes ás comunidades autónomas, personaxes célebres e manifestacións culturais e artísticas.

O 1 de xaneiro de 2002 póñese en circulación os euros que coexistirán coas pesetas durante 6 meses.

















Moeda de 5 ptas.







TESOURIÑOS DA COLECCIÓN





TESOURIÑO DA PORTA DO BISPO ODOARIO (LUGO)

Este tesouriño é o primeiro conxunto de moedas que aparece apuntado no Libro de Rexistro do Museo, con dúas entradas diferenciadas, por un lado o número 783, con data 2 de novembro de 1935, na que se reflicte a doazón dun lote de moedas romanas (pequenos bronces), entregadas por José P. Vázquez Pimentel e, por outra banda, co número 791, e a mesma data, aparece unha doazón conxunta efectuada por varios benfeitores do museo, neste caso especifícase que son unhas 600 pezas, na súa maioría totalmente deterioradas pola oxidación.

Descuberto en abril do 1935, preto da Porta da Muralla do Bispo Odoario, durante as obras de construción do edificio da Escola Profesional de Traballo. Segundo relata M. Vázquez Seijas, dentro dunha vasilla de barro que foi esnaquizada polos obreiros.

Segundo conta D. Manuel Vázquez Seijas no artigo "Del Lugo Romano. Hallazgo de monedas", publicado no

BRA Gallega, n.º 261, revisou unhas 600 moedas, follis, e observou que a maior parte delas pertencían a:

O número fixo de moedas ingresadas, en 1935, no MPL non o coñecemos, pois, se ben, na segunda entrega está especificado que son unhas 600 pezas, na primeira fálase de lote, sen aclarar o número exacto. Tampouco se sabe o número de moedas que podía conter a ola de barro, pois moitas foron dispersadas entre os obreiros e, de feito, no ano 1974 apareceron publicadas, nun artigo de Studia Archaeologica, n.º 29, 17 moedas dunha colección particular pertencentes a este achado.







A emperatriz HELENA, dona de CONSTANCIO I CLORO (292-305 d.C.)





Constantino II (337-340 d.C.)



Constantino I Magno (307-337 d.C.)

Constancio II (337-361 d.C.)



Graciano (375-383 d.C.)



Tesouriño da Porta do Bispo Odoario

Lucus Augusti



Apunte co listaxe de benfeitores



Juliano II (360-363 d.C.)



Valentiniano I (364-375 d.C)



Xunto a todo este conxunto de pezas, que se encadrarían cronoloxicamente no século IV d.C., atópase unha moeda hispano-cartaxinesa

TESOURIÑO DA RÚA CEDRÓN DEL VALLE (LUGO)

A finais do ano 1941 entraron a formar parte da colección de moedas do MPL un conxunto de vinte e oito denarios de prata que, segundo consta nas actas do museo, atopáranse recentemente no parque de Lugo e foran adquiridas por 23 pesetas. O conxunto de moedas aparece anotado no Libro de Rexistro, co número 1.128 e con data do 27 de decembro de 1.941.

Dos vinte e oito denarios recollidos, catro pertencen a República romana e vinte e catro son imperiais. O seu estado de conservación e bastante bo e están case todos identificados.

Cronoloxicamente encádrase entre os séculos I a.C. e o s. I d.C.

En 1943, Manuel Vázquez Seijas publicou no Boletín da Comisión de Monumentos de Lugo, tomo I, o artigo "Denarios romanos", no que aclara que as moedas foron atopadas nas proximidades do parque de Rosalía de Castro, na rúa de Cedrón del Valle.



REPUBLICANAS

Lucus Augusti

Gens (familias)



Petronia (18 a.C.)

Papiria

IMPERIAIS




De Octavio Augusto (27 a.C.- 14 d.C) son tres exemplares co mesmo reverso no que aparecen Cayo e Lucio, netos de Augusto



E outro cun touro en actitude de turrar







De Nerón (54-68 d.C.) é un denario



A Domiciano (81-96 d.C.) correpóndelle dous denarios, un en moi bo estado de conservación, acuñado no ano 89 d.C.) e outro que no reverso trae dúas mans sostendo signum con aguia

















De Vespasiano (69-79 d.C) son seis denarios, cinco co mesmo reverso, *Pax* sedente, e coa figura de Vitoria de pé sobre a proa dunha nave





Do emperador Galba (68-69 d.C.) son dous exemplares,





E do emperador <mark>Otón</mark> (69 d.C.) o último exemplar moi ben conservado





TESOURIÑO DA AVDA. RODRÍGUEZ MOURELO (LUGO)

O tesouriño, que apareceu no mes de xuño do 1941 ao facer un rebaixe das terras para nivelar un dos paseos da Avda. de José Rodríguez Mourelo, foi publicado por Vázquez Seijas no *Boletín da Comisión de* Monumentos de Lugo, tomo I, 1941-1944, nun artigo denominado "Hallazgos romanos", no que sementa a dúbida sobre o número total de pezas porque no principio do artigo escribe que: "aparecieron quince ejemplares de monedas romanas" e, a continuación, unha vez descritas as pezas mellor conservadas, pon "el total de ejemplares se distribuye así: nueve grandes bronces, seis medianos y un denario de plata".

As pezas descritas e identificadas corresponden a:

Con data 27 de maio de 1941, e número de entrada 1089, aparece anotado no Libro de Rexistro o ingreso, por doazón de Manuel Vázquez Seijas, de "cinco grandes bronces romanos, uno mediano y un denario de plata encontrados en el parque". Estas pezas forman parte das 16 moedas que compoñen o tesouriño de Rodríguez Mourelo (Lugo), unha de prata e quince de bronce, das cales oito se atopaban en moi mal estado de conservación.



Lucus Augusti

Catro sestercios de bronce do primeiro emperador de orixe hispánica, Trajano, (98-117 d.C.), tres iguais acuñados nos anos 103 ou 111.















De Trajano (98-118 d.C.) tamén é outro bronce que no reverso presenta a figura da Felicitas



As moedas en mal estado de conservación e non clasificadas son oito exemplares: tres sestercios e cinco ases ou dupondios.

> Cronoloxicamente encadrariámolo entre finais do s. I e inicios do s. II d.C.

TESOURIÑO DA RÚA SAN FERNANDO (LUGO)

A entrada deste tesouriño nos fondos numismáticos do Museo non aparece reflectida no antigo Libro de Rexistro, nin nas Actas da Xunta do Museo Provincial, o que si se conserva é unha ficha antiga, asinada por Luis L. Martí, primeiro director do MPL, pero sen data de entrada.

En 1971, M. Vázquez Seijas, director do museo naquel momento, entregoulle para o seu estudo o tesouriño, que tiña unha aparencia dunha masa compacta ferruxinosa, á profesora Milagros Cavada Nieto, quen o publicou e o deu a coñecer, en 1984, no II Congreso Galaico-Minhoto.

As moedas, limpas e restauradas, regresaron ás dependencias do museo en abril do 2004, sendo entregadas 43 numismas dun total de 47 que formaban o conxunto monetal; 4 das pezas foron destruídas ao facerlles análises metalográficas.

Nove a, Gordiano III (238-244 d.C.)

Unha a, Emiliano (253 d.C.)

Foi atopado por uns obreiros, en 1923, ao facer unhas obras de cambio de pavimento na rúa San Fernando de Lugo. As moedas estaban dentro dunha ola de cerámica moi basta.

A primeira referencia escrita que se coñece sobre esta descuberta aparece no libro Lugo y su Provincia, 1929. Libro de oro, nun artigo de Vázquez Seijas "Monumentos arqueológicos. Numismática", no que escribe: "Al lado de estos trozos de cerámica había una buena cantidad de monedas romanas, medianos y pequeños bronces. Su avanzado estado de oxidación, hizo que los obreros despreciaran el hallazgo, esparciéndose por las tierras muchas piezas y llevándose otras, obreros, soldados y niños que se hallaban presentes en el momento de la aparición. Hemos podido hacernos con cuatro medianos bronces que corresponden a los emperadores romanos Diocleciano, Constancio, Cloro y Maximiano".

Este conxunto monetal encádrase cronoloxicamente no século III d.C. e as moedas correspóndenlles:



Unha ao, emperador Heliogábalo (218-222 d.C.)



Dúas a, Filipo I (244-249 d.C.)





Catro a, Volusiano (251-253 d.C.)



Catorce a, Valeriano I (253-260 d.C.)



Lucus Augusti



Ficha antiga

Libro de Oro



Unha a, Filipo II (247-249 d.C.)



E o seu fillo Herenio Etrusco (251 d.C.)



E cinco a, Valeriano II (256-258 d.C.)

TESOURIÑO DE PENADOMINGA (QUIROGA, LUGO)

Abrangue en torno a un centenar de exemplares tardíos, de *follis* do século IV, de emisores das dinastías Constantiniana (306-363 d.C.) e Valentiniana (364-392 d.C.), mentras que o exemplar máis serodio é cuñaxe do emperador Arcadio (383-392 d.C.) da dinastía Teodosiana. Tamén cun exemplar está representada a emperatriz Helena (*Flavia Iulia Helena*, 293-329? d.C.), nai de Constantino I Magno. Fóra deste grupo maioritario tardío, no tesouriño inclúese unha moeda, un denario da segunda centuria, do emperador Marco Aurelio (161-180 d.C.).

Atopado no mes de xullo do ano 1950 por un veciño do lugar, xunto con outros materiais tardorromanos aparecidos en Bendolló, Penadominga (Quiroga, Lugo).

En orde cronolóxica a listaxe de emisores presentes no tesouriño comprende:







Marco Aurelio (161-180 d.C.)
MARCVS ANNIVS VERVS AVRELIVS



Helena (293-330 d.C.) FLAVIA IVLIA HELENA



Constantino I (306-337 d.C.)
GAIVS FAVIVS CONSTANTINVS



Constantino II (337-340 d.C.)
FLAVIUS CLAVDIVS CONSTANTINVS



Constante (337-350 d.C.)
FLAVIUS IVLIVS CONSTANS



Constancio II (337-361 d.C.)
FAVIVS IVLIVS CONSTANTINVS



Magnencio (350-353 d.C.)
FLAVIUS MAGNVS MAGNENTIVS



Valente (364-378 d.C.) FLAVIUS IVLIVS VALENS



Valentiniano II (375-392 d.C.) FLAVIVS VALENTINIANVS



Arcadio (395-408 d.C.)
FLAVIVS ARCADIVS AVGVSTVS

TESOURIÑO DA FONSAGRADA (LUGO)

Este conxunto monetal incorporouse á colección de Numismática do MPL, en xuño de 1956, despois de adquirirllo a Germán Díaz Álvarez por 825 pesetas. No Libro de Rexistro aparece anotado co número 2466.

O tesouriño, segundo consta na ficha de catalogación antiga, estaría composto por 108 denarios de prata, en bastante bo estado de conservación, dos que 7 lle corresponderían á República romana e 101 ao Imperio. Non obstante, na primeira referencia escrita destas moedas, publicada no Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo, tomo VI, por Ramón de Fontecha, fala de cento sete denarios.

Posteriormente, no ano 1987, estes datos aparecen recollidos na publicación de Sobrado Centeno Circulação monetaria no Noroeste de Hispania até 192, na que aparecen identificados noventa e oito denarios.

Segundo a documentación antiga, como a primeira ficha de catalogación ou unha nota manuscrita, o tesouriño foi atopado por Oliva Díaz, de 14 anos e filla de Germán, dentro dun recipiente de barro ou de cobre, que non se conserva, cando facían labores de repoboación forestal nun lugar coñecido como "Pena da Ola", en Monteseiro (A Fonsagrada, Lugo).

Ficha antiga de catalogación













OS DENARIOS REPUBLICANOS CORRESPÓNDEN ÁS GENS (FAMILIAS):











ACILIA (49 a.C.)









Carta manuscrita de Germán Díaz

DENARIOS IMPERIAIS:

Os denarios Imperiais abarcan desde os emperadores Tiberio (14-37 d.C.) a Trajano (98-117 d.C.), polo que a ocultación realizouse a principios do século II d.C.

Tiberio (14-37 d.C.), Nerón (54-68 d.C.) e Galba (68-69 d.C.) están representados por senllos exemplares, Vitelio (69 d.C.) por dous denarios.

Vespasiano representado por catorce denarios.

A Tito corresponderíanlle tres denarios, dos que temos identificados dous. A Domiciano perténcenlle vinte e catro denarios, dos que hai identificados vinte e dous. De Nerva tres denarios.

A Trajano perténcenlle os corenta e oito denarios restantes.

















































NERVA (96-98 d.C.)

TESOURIÑO DO CADRAMÓN (O VALADOURO, LUGO)

Do tesouriño achado na parroquia de San Xurxo de Cadramón (O Valadouro, Lugo), composto por un número inconcreto de pezas, no Museo conservánse tan só 11 exemplares que ingresan entre os anos 1973 e 1979, aínda que a súa entrada non se asentou en ningún dos diferentes rexistros documentais do Museo.

Da mesma maneira, descoñécese con certeza quen foi o doante da colección, pero, segundo apunta Felipe Arias nun breve traballo, probablemente fose Don Ricardo López Pacho ("Noticia dun tesouriño de moedas romanas no Cadramón (O Valadouro, Lugo)". Revista *Gallaecia*, n° 5, pp. 325-327. Santiago de Compostela, 1979).

Neste conxunto monetario están representados os primeiros tetrarcas, consistindo a Tetrarquía nunha forma de goberno imperial colexiado composta por dous emperadores (Augustos) e os seus respectivos herdeiros (Césares) que subsistiu do 284 ata o 312 no medio de continuos enfrontamentos bélicos e políticos entre os diversos tetrarcas.

Nos escasos reversos lexibles atopamos lendas coas fórmulas:

SALVIS AVGG ET CAESS FEL KART

(Salvis Avgustoribus et Caesaribus Felicitas Karthago) (Aos Augustos e Césares que fixeron feliz a Cartago)

PROVIDENTIA DEORVM QUIES AVGG

(Providencia dos deuses/Tranquilidade dos Augustos)

SACRA MONETA (Vrb) AVGG ET CAESS NN

(Moeda Sagrada dos nosos Augustos e dos nosos Césares, acuñada en Roma)

GENIO POPVLI ROMANI

(Xenio do pobo romano)



Maximino II Daza (305-313 d.C.)



Serra do Cadramón





Catedral de San Marcos de Venecia. Grupo escultórico dos Tetrarcas (Diocleciano, Maximino, Galerio e Constancio Cloro)



Diocleciano (284-305 d.C.)



Constancio I Cloro (293-306 d.C.)



Constantino (306-337 d.C.)




Maximiano Hércules (286-306 d.C.)

TESOURIÑO DE QUINTÁ DA GRADE (CHANTADA, LUGO)

Sen dúbida é o máis rico en canto a número de pezas constituíntes, con 3.465 exemplares, recibidos en diversas e sucesivas entregas. A primeira, de 2.426 pezas, chegou ao Museo en 1991 foi o resultado dun achado casual ao realizar uns traballos de tendido de conducións de auga.

En vista diso, faise no lugar unha intervención arqueolóxica de urxencia e, como resultado, en febreiro de 1992 deposítase unha segunda remesa de moedas no Museo, en número de 1.031 neste caso. Finalmente, os escavadores reciben 8 moedas máis dos propietarios dos terreos, completándose o total depositado.









O conxunto constitúe un novo exemplo de depósitos monetarios tardíos, no que están representados a case totalidade dos emperadores do século IV d.C., correspondendo os exemplares máis serodios a emisións do emperador Arcadio, señor da parte oriental do Imperio (395-408). Tal e tan prolongada acumulación monetal indica claramente a inseguridade e decadencia do Imperio, rematada finalmente, no que a Hispania se refire, coas invasións bárbaras do 409.









Constante (337-350 d.C.) FLAVIVS IVLIVS CONSTANS

Constancio II (337-361 d.C.) FLAVIVS IVLIVS CONSTANTIVS











Valentiniano I (364-375 d.C.) FLAVIVS VALENTINIANVS



Teodosio (379-395 d.C.) FLAVIVS THEODOSIVS AVGVSTVS



Arcadio (395-408 d.C.) FLAVIVS ARCADIVS AVGUSTVS

TESOURIÑO DE MURAS (LUGO)

A finais do ano 1983, concretamente o 12 de novembro, e cos números comprendidos entre o 8.652 e o 8.685, aparece anotada no Libro de Rexistro antigo do MPL a adquisición, por 18.000 pesetas, de "34 reales de plata "coronas" de Pedro I el Cruel (1350-1369), en distinto estado de conservación, cecas da Coruña, Burgos e Sevilla. Aparecidas en Muras (Lugo)"

Segundo consta na primeira ficha de catalogación das moedas, apareceran nunhas obras dunha casa particular e fóronlle adquiridas a Armando Durán Cao cunha subvención da Fundación Barrié.

Segundo o exposto polo especialista en Numismática, Pablo Núñez Meneses, no seu artigo "Hallazgos inéditos de moneda medieval en Galicia", publicado en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LXIII (2016), no museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón da Coruña, atópanse dezaoito reais pertencentes a este achado, que foron depositados por Armando Durán Cao. Isto demostraría que o tesouriño foi repartido e fainos pensar na posibilidade de que o achado puido ser maior.

As moedas conservadas no MPL son trinta e catro "reais" de prata que no anverso presentan un P coroado con dobre lenda en dous círculos e polo reverso a lenda ao redor dun escudo cuadrilobulado coas armas de Castela e León.

Do total das numismas, seis atópanse nun estado de conservación aceptable e o resto están bastante deterioradas.










Lenda anverso:

DOMINVS MICHI ADIVTOR ET EGO DIS – PICIAM INIMIGOS MEOS

(O Señor é o meu axudador e eu desprezo
os meus inimigos. Hebreos 13:6)

Lenda reverso: PETRVS REX CASTELLE E LEGIONIS (Pedro rei de Castela e León)





TESOURIÑO DE BARES (MAÑÓN, A CORUÑA)

Con data de 19 de maio de 1949 e co nº 1.562 aséntase no Libro de Rexistro "un lote de setecentas moedas romanas procedente de Bares" (Porto de Bares, Mañón, A Coruña), aínda que lles foran adquiridas, previamente, en decembro de 1948 por compra, a prezo de 200 pesetas, a Don Jesús Rodríguez Villar.

Agás dun denario de Octavio Augusto, o tesouriño, na realidade de pouco máis de 600 pezas, corresponde a antoninianos do século III d.C. En xeral, atópanse en mal estado de conservación cos forros de prata propios destas moedas, dos que se conservan indicios, atacados por corrosión de cobre.

O conxunto publicouse inicialmente por Manuel Vázquez Seijas ("Hallazgo de Denarios romanos en Bares". *BCML-Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, tomo V, pp. 304 ss.) e referenciado por Isidro Martínez Mira en la Revista *Lucentum* ("Tesorillos del siglo II DC en la Península Ibérica". Tomo XIV/XV. 1995/1997, pax. 132).

Os emisores identificados son:



Trajano Decio (249-251 d.C.)
GAIUS MESSIUS QUINTUS TRAIANUS DECIUS



Volusiano (251-253 d.C.)
GAIUS VIBIUS VOLUSIANUS



Salonina (253-268 d.C.)
IULIA CORNELIA SALONINA, esposa de Galiano







Gordiano III (238-249 d.C.)
MARCUS ANTONIUS GORDIANUS PIUS









Valeriano I (253-260 d.C.)
PUBLIUS LICINIUS VALERIANUS
Egnatia Mariniana (<253 d.C.)
Esposa de Valeriano I







Augusto (-27 s.C.-14 d.C.)
GAIUS IULIUS CAESAR OCTAVIANUS CAESAR AUGUSTUS





Treboniano Galo (251-253 d.C.)
GAIUS VIBIUS AFINIUS TREBONIANUS GALLUS



Galieno (253-268 d.C.)
PUBLIUS LICINIUS EGNATIUS GALLIENUS



Valeriano II (256-258 d.C.)
PUBLIUS LICINIUS CORNELIUS VALERIANUS

TESOURIÑO DE BUSCÁS (ORDES, A CORUÑA)

Ingresou nos fondos numismáticos do MPL, un 2 de xuño de 1967, grazas á doazón de Manuel Vázquez Seijas, director do museo naquela época, outorgándoselle o número de rexistro 6.112/29.

Segundo consta na escasa documentación conservada, as pezas apareceron nun lugar indeterminado da parroquia de San Paio de Buscás (Ordes, A Coruña).


Composto por dezaseis moedas de billón (aliaxe de prata e cobre) da época de Alfonso IX de León (1188-1230). Este tesouriño de Buscás é un dos escasos conxuntos monetarios medievais atopados no NO peninsular.

As moedas, trece diñeiros e tres óbolos ou "meallas" compostelás de extrema rareza, presentan no anverso unha cruz florenzada acompañada da lenda "ANFONS REX" e no reverso un león, á dereita, con símbolos e a lenda "LEO".

As cecas destas pezas, segundo Pablo Núñez Meneses, quen estudou o conxunto no 2014, son: Compostela, Estremadura, Ciudad Rodrigo, León e ceca "vástago e cruz", non asociada aínda a ningún lugar.



DIÑEIROS








ALFONSO IX (1188-1230)

ÓBOLOS ou "MEALLAS"









TESOURIÑO DE SAN XIAO DE MOS (CASTRO DE REI, LUGO)

Con data do 29 de agosto de 1973, e n.º de ingreso 7.519, aparece anotado no Libro de Rexistro antigo un: "lote de monedas romanas, pequeños bronces (antonianos), hallados en una vasija de barro por un vecino de San Julián de Mos. Donación del Sr. cura párroco de S. Julián de Mos".

Entre a documentación que temos localizada referente a este tesouriño, consérvase a ficha antiga, na que se especifica que as moedas foron atopadas nunha vasilla de barro, moi oxidadas, e tamén unha nota de agradecemento pola doazón, pero en ningún dos documentos se especifica o número total de moedas que foron entregadas.

A primeira referencia sobre este achado aparece nunha nota manuscrita, que supoñemos escrita por Manuel Vázquez Seijas, e datada o 31 de marzo de 1973, na que di que un veciño de Castro de Rei, chamado José García Ferreiro, o obsequia cunha moeda que lle deu un paisano e que


forma parte dun conxunto que apareceu dentro dunha vasilla de barro e, que segundo lle comenta o cura párroco de San Xiao de Mos, ten varias moedas recollidas.

Esta moeda, un antoniniano pertencente a Claudio II (268-270 d.C.), é a única que temos identificada de todo o tesouriño.

En 1976, Felipe Arias Vilas xunto con Milagros Cavada Nieto publican, no tomo IX do Boletín da Comisión de Monumentos de Lugo, un artigo sobre 12 antoninianos que formaban parte deste conxunto monetal; posteriormente, no ano 2004, na revista CROA, fan unha revisión das ditas moedas que nese momento estaban xa depositadas no Museo do Castro de Viladonga, todas as numismas corresponden ao Reinado Único de Galieno (259-268 d.C.) e a Claudio II (268-270 d.C.), excepto unha que lle pertence a Salonina, muller de Galieno, polo que, cronoloxicamente, o tesouriño se sitúa na segunda metade do século III d.C.









TESOURIÑO DE GRANDAS DE SALIME (ASTURIAS)

Con data de 15 de xullo de 1952, e nº de ingreso 1.927, aparece anotado no Libro de Rexistro "un lote de moedas romanas pequenos bronces, encontrados hace tiempo en el lugar de Pilón, del ayuntamiento de Grandas de Salime. Adquiridas." (Libro de Rexistro antigo do MPL).

Estas moedas forman parte dun tesouriño do s. III d.C. atopado no ano 1950 neste concello asturiano, e do cal Jose R. Vega de la Torre publicou en 1980, no Boletín del *Instituto de Estudios Asturianos* nº 99, vinte e tres radiados que conservaba un neto do home que as atopou (Eloy Magadán) e que non foran vendidas no lote de Lugo.

Desgraciadamente non temos, ou non atopamos, documentación que indique o número total que integraba o lote comprado, nin está identificada ningunha moeda pertencente a este conxunto moetario.

Nas moedas estudadas por José R. Vega de la Torre, o emperador máis representado é Galieno (253-268 d.C.), sendo a moeda máis antiga de Treboniano Galo (251-253 d.C.), e a máis moderna un exemplar con reverso *DIVO CLAUDIO*, acuñada pouco despois da morte deste emperdaor, Claudio II, no 270 d.C. Destaca tamén a presenza de tres moedas de Salonina, esposa de Galieno.





MOEDA ESTRANXEIRA





A EVOLUCIÓN DA COLECCIÓN DE MOEDA ESTRANXEIRA NO MPL

As primeiras moedas estranxeiras que entraron a formar parte dos fondos do MPL foron 10 pezas que corresponden, entre outros países, a Austria, Inglaterra e México, doadas por D. Luis López Martí, primeiro director do Museo e ingresadas en xullo do 1932.

O seguinte apuntamento no Libro de Rexistro, no que se reflicte a entrada de moedas estranxeiras, é do 10 de outubro de 1933 (N°R. 438/46) e corresponde a 9 moedas de prata e cobre de varios países.

Moitas das moedas estranxeiras ingresaron mesturadas con moedas hispánicas, e nas entradas do Libro de Rexistro aparece sen especificar se se trata de moedas estranxeiras ou hispánicas.

Así temos co Nº de Rexistro 904, de finais de 1937, unha doazón dun conxunto de 30 moedas de cobre e de prata, efectuadas por un doador de Ourense, da que sabemos que a maior parte delas eran foráneas porque se conservan as fichas de catalogación antigas.

Tamén, por esas datas, e co Nº de Rexistro 925, foron doadas 527 moedas da colección do doutor Xermán Alonso Hortas, das que máis de cen son de países alleos.

A finais de 1958, e co N° de rexistro 2.960, apúntase unha doazón de 49 moedas de bronce e de cobre de varias épocas e procedencias, na que, xunto a moedas do Imperio Romano, aparecen moedas de Marrocos, A China ou Venezuela.

A colección de moeda estranxeira foi incrementándose ao longo dos anos polas doazóns efectuadas, se ben, dende finais de 1939 ata maio de 1949, teoricamente, non ingresaron moedas estranxeiras no museo, tal e como se deduce polas anotacións do Libro de Rexistro.

Non será ata novembro de 1954 cando aparezca no devandito documento a primeira adquisición dunha moeda estranxeira, que entrou xunto cun lote de materiais diversos; trátase dunha moeda inglesa de prata de Jorge VI.

A colección vai aumentado co transcurso dos anos con numerosas achegas, como as de D. Manuel Vázquez Seijas ou Dª. María Soler e Dª. Carmen López Bugueiro, por destacar algunhas das doazóns máis numerosas.

A última moeda estranxeira que se anota no Libro de Rexistro, con N° 8.621, antes do peche do museo en 1985 por reformas, foi a doazón dun bolívar da República de Venezuela de 1967.

Coa reapertura do Museo no 1991, os ingresos de moedas estranxeiras foron aumentando e, na actualidade, o monto catalogado é de 1.290 pezas, destacando as europeas e seguidas das americanas por enriba das de outros continentes.

A maior parte da colección encádrase cronoloxicamente na Idade Contemporánea, se ben habería que destacar algunha peza moderna coma un exemplar de Theodoro I de Córsega do ano 1736.



Austria. Francisco II. 1 Kreuzer. 1800



Inglaterra. Victoria I. Token. 1 cent. Libra. 1884



México. 1 centv. Peso. 1910



Perú. 1 sol. 1924





Francia. 10 ctm. Franco. 1930





Venezuela. 1 ctv. Peso. 1862





Inglaterra. Jorge VI. 6 peniques. Libra. 1943




Venezuela. 1 bolívar. 1967









EUROPA 2





Luis XV (1715-1774). 12 deniers. 1767





Luis XV (1775-1793).½ Sol. 1782





Napoleón Bonaparte (1804-1814). 5 francos. 1814





III^a República (1870-1940). 2 francos. 1934





Goberno de Vichy (1940-1944). 2 francos. 1943





IV^a República (1946-1958). 10 francos. 1953





V^a República (1958-). 1 franco. 1960





Guillermo III (1849-1890). 2,5 ct. 1854.





co José I (1848-1916).





GRECIA





Jorge I (1863-1913). 10 leptá. 1894





Pablo I (1947-1964). 2 dramas. 1957





Constantino II (1964-1973). 1971







Nicolás I. Zarato de Polonia. 2 groszy. 1831





II^a República. 20 groszy. 1923





República Popular. 5 Zlotych. 1976

HOLANDA



Guillermo II (1840-1849). 25 cts. florín. 1849



Guillermina (1890-1948). 5 cts. florín. 1948





Guillermina (1890-1948). 1 cts. florín. 1914





Juliana (1948-1980). 1 gulden. 1971





Óscar II (1872-1905). 2 Ore 1897





Olav V (1957-1991). 5 ore. 1971





Alejandro I (1921-1929). 2 dinara. 1925



Rep. Federal (1945-1992). 20 dinara. 1955







Jorge II (1727-1760). Token. 1738





Jorge III (1760-1820). Token. 1805





República. 1 penique. 1967







Nápoles. República. 4 tornesi. 1799





Napoleón. 5 Soldi. 1814





Víctor Manuel II (1861-1878) 5 cts. lira.1861





Humberto I (1878-1900). 2 ct. lira. 1900





Victor Manuel III (1900-1946)





República (1946-). 100 liras. 1957

EUROPA 3 **REINO UNIDO PORTUGAL** Manuel I (1495-1521). Ceitil. Jorge III (1760-1820). ½ penique. 1815 María I (1787-1816). 10 reis. 1797 Jorge IV (1820-1830). 1 penique (1826) Juan VI (1816-1826). 40 reis. 1823 Victoria (1837-1901). 1 penique. 1861. Jersey Island Pedro V (1853-1861). 500 reis. 1858 Eduardo VII (1901-1910). 1 farthing. 1909 Luis I (1861-1889). 20 reis. 1883 Carlos I (1889-1908). 100 reis. 1900. Jorge V (1910-1936). 1 xilin. 1927 **XIBRALTAR** 1ª República (1910-1926). 20 ctv. 1921 Jorge III. 2 quartos. 1810 Jorge VI (1936-1952). 2 xilines. 1944 Estado Novo (1926-1974). 5 escudos. 1933 II^a República (1974-). 5 escudos. 1975 Victoria. 2 quartos. 1847 Isabel II (1952-). 5 peniques. 1970











A CHINA



1 tong bao. Jia Quing (1796-1820)





20 ctv. 1890-1908





10 naye Paise. 1962

A INDIA

1/12 anna Rupia. 1932



COREA DO SUR





10 won. 1973



· 大岛 月

10 cash. 1906



10 cash. 1920





1 paisa. Rupia. 1965



HONG KONG





1 ctv. dólar. Victoria. 1875





5 ctv. dólar. Victoria. 1889





5 ctv. dólar. Isabel II. 1971





5 piastras. Lira. 1952



ISRAEL





5 lirot. Lira. 1978





25 lirot. Lira. 1969-1979



PALESTINA






1 mil. 1927










ÁFRICA 1

ALXERIA













50 francos. 1949

CAMERÚN







10 francos. 1967

GHANA





10 pasewas Cedi. 1967

GUINEA Ecuatorial







1 peseta. 1969

MARROCOS







4 felus. 1871-H1288





2,5 dirhams. 1904-H1321







10 mazunas. 1904-H1321









2,5 escudos. 1956











1 butut dalasi. 1974





10 mazunas. 1911-H1330





5 dirhams. 1918-H1336





1 franco. 1924-H1342

ÁFRICA 2







20 escudos. 1971





1 escudo. 1973













2 ctv. dólar. 1971





10 ctv. dólar. 1970





5 ctv. dólar. 1965







8 karhub. 1864-H1281





10 ctm. franco. 1892-H1304





25 ctm. franco. 1919-H1337

COLONIAS FRANCESAS África occidental





ELAN ELAN OF THE STATE OF THE S




100 francos. 1969

COLONIAS BRITÁNICAS África occidental





1 penique. 1956





MEDALLÍSTICA





INTRODUCIÓN

A Medallística é unha ciencia auxiliar da Historia que se ocupa do estudo das medallas e medallóns.





Apolonio de Tiana

No diccionario defínese Medalla como:

"Peza de metal batida ou cuñada, comunmente redonda, con algunha figura, inscrición, símbolo ou emblema".

"Distinción honorífica ou premio que se adoita conceder en exposicións ou certames".

A medalla é un obxecto de carácter artístico, cuxa finalidade é narrar un acontecemento histórico, político ou relixioso.

A Medallística forma parte da disciplina denominada **Exonumia**, rama da **Numismática** que estudia os obxectos relacionados coas moedas pero que non o son en sentido estrito, como por exemplo as fichas monetiformes, *tokens*, moedas elongadas, medallas conmemorativas ou relixiosas, etc.



IV Centenario do Descubrimento. 1892



VII Centenario da 1ª Or. Franciscana. 1909



Amadeo de Saboia. Rei electo. 1870





Moedas elongadas. Colección particular

A Medallística está tamén relacionada coa **Falerística**, ciencia que dentro da Numismática ocúpase do estudo das condecoracións, aínda que a primeira estuda todas as medallas independentemente de se son condecoracións ou non.







Imperator et Rex. s.D.

FORMACIÓN DA COLECCIÓN DE MEDALLAS

A colección de Medallística do MPL, está composta por un total de 494 medallas, sen cuantificar as devocionais.

A colección de medallas que garda o Museo inicia a sua formación o 5 de xaneiro de 1933, un ano despois da creación do museo, cunha medalla conmemorativa de bronce de Sociedade Económica de Amigos do País, de Santiago de Compostela.

No ano 1935 foi adquirida a medalla da Exposición Rexional de Lugo de 1896 e, en decembro de 1936, ingresou, froito dunha doazón, a da Exposición Rexional de Lugo en 1877.

En xullo de 1938 entraron a formar parte dos fondos do Museo as medallas de prata dos premios conseguidos polo pintor Leopoldo Villamil.

Ademáis das doazóns puntuais, a colección foi incrementándose con varias adquisicións, levadas a cabo polo Museo.

Así, en setembro de 1939, foron adquiridas 20 medallas de bronce conmemorativas; en decembro de 1941 adquiríronse 34 medallas conmemorativas 18 en xullo de 1942 23 pezas en maio de 1948 69 medallas en decembro de 1948 e en xullo de 1950 13 medallas conmemorativas estranxeiras. O último gran lote adquirido foron 122 medallas conmemorativas e relixiosas en xullo de 1952.

Sociedade Económica de Amigos do País. 1884

Exposición Rexional de Lugo. 1896 e 1877

Premios de Pintura

Nicolás II. Zar de todas as Rusias. 1917

Sociedade Ciencias da

Francisco José I.

Tamén é destacable a doazón de medallas de premios de pintura do pintor Tino Grandío, feita pola súa familia en xuño de 1979.

Entre as doazóns destacan varias entregas efectuadas por Manuel Vázquez Seijas, director do Museo Provincial de Lugo entre os anos 1948 e 1982 ou unha doazón da Medalla da Paz de Tilsit, feita por Álvaro Cunqueiro en xaneiro de 1956.

O último lote de medallas que ingresou nos fondo do Museo foi o que pertenceu a Xosé Trapero Pardo, que entraron despois do seu pasamento en 1995.



Natureza. Moscú. Ca.1869

OS GRAVADORES

Na creación dunha medalla o artífice principal é o gravador, pois del depende todo o proceso de deseño das imaxes a representar e da realización dos moldes.

Pódese decir que a medalla moderna naceu no s. XV en Italia, as primeiras medallas realizadas por encarga de España son obra do escultor **Leone Leoni** (1509-1590) que reproduce as efixies de Carlos V e Felipe II.

Será no s. XVIII cando se produza o verdadeiro nacemento da medalla nacional española. O primeiro medallista español coñecido é **Isidro Párraga**, quen realiza as medallas conmemorativas do matrimonio de Felipe V e María de Saboia

SÉCULO XVIII

A figura máis destacada deste século foi Tomás Francisco Prieto (1716-1782), nomeado Gravador de Cámara de Carlos III.

Entre os seus discípulos destacán Pedro González de Sepúlveda (1744-1815), e Gerónimo Antonio Gil (1732-1798), gravador da Casa da Moeda de México que será o medallista que peche o s. XVIII.



Felipe V-María Luisa de Saboia



Virtuti et Merito. Carlos III. Pedro González de Sepúlveda .1771



Voda dos Príncipes



Monumento a Carlos IV.



Constitución de Cádiz. 1812







Voda de Fernando VII. 1816

SÉCULO XIX

Durante o século XIX ningún acto oficial deixou de ter a súa medalla. O catalán Félix Sagau y Dalmau (1786-1850), traballou como gravador xeral da Casa da Moeda de Cádiz, acuñando, entre outras, a medalla da Promulgación da Constitución de 1812 e a da voda de Fernando VII, tamén en Cádiz, coa súa sobriña Isabel de Braganza en 1816.

SÉCULO XX

A finais do s. XIX e principios do s. XX destaca como medallista o gravador Bartolomé Maura e Montaner (1844-1926), que foi durante anos director artístico da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre do Estado, autor, entre outras moitas, das medallas da Proclamación do rei Alfonso XIII en 1902, a da voda de Alfonso XIII e Victoria Eugenia (1906) ou a do IV Centenario do Descubrimento de América.

Destaca tamen como medallista o escultor Lorenzo Coullaut Valera (1876-1932), autor da medalla homenaxe a Menéndez Pelayo e da medalla Conmemorativa da concesión do Premio Nobel a José Echegaray.

A aparición do torno reductor no último terzo do s. XIX facilita que o medallista non teña que ser gravador, e así temos as medallas menos convencionais do escultor Mariano Benlliure (1862-1947), gran retratista como se reflicte na medalla adicada a Santiago Ramón y Cajal pola concesión do premio Nobel en 1907 ou na da Exposición rexional valenciana de 1909.

Na segunda mitade do s. XX foi cando os escultores comenzaron a interesarse de verdade pola arte da medalla, que vive un período de esplendor entre 1950 y 1980, no que conta co apoio da F.N.M.T. materializado nunha gran produción e na creación en 1973 do Premio Tomás Francisco Prieto.

Destacan figuras como Fernando Jesús (1924-2017), Ramón Ferrán (1927-2015), José Carrilero Gil (1928), Julio López Hernández (1930-2018) coas suás "medallas de pé".









IV Centenario do Descubrimento. 1892

Proclamación de Alfonso XIII. 1902

Alfonso XIII- Victoria Eugenia. 1902



50 aniversario da creación do Banco de España, 1924



Exposición Rexional Valenciana. 1909

Exposición de Arte Románica Julio López Hernández. 1961

Menéndez y Pelayo. 1910

Ramón y Cajal. 1907

O RETRATO NA MEDALLA (1)

O Retrato é o primeiro e máis importante tema desenvolvido pola medalla ao longo da súa historia.

A representación das cualidades das personaxes amosadas teñen que estar moi medidas debido as limitacións do espacio.

As/Os monarcas e os seus herdeiros foron os primeiros en ser representados.

Non esquezamos que a medalla é un gran recurso propagandístico. Os membros da realeza, polo xeral, represéntanse de perfil, dunha maneira digna e autoritaria pois trátase dun retrato oficial.



Atanasio Carrasco y Castell. 1865



Isabel II/Fco. de Asís Louis-Charles Bouvet. 1851



Amadeo I José García Morago. 1870





M^a Cristina Gregorio Sellán y González. 1885



Ma Cristina/Alfonso XIII Eusebio Arnauz. 1888



Carlos III



Carlos IV e Mª Luisa de Parma Tomás F. Prieto. 1765



Fernando VII Armand A. Caqué. 1829



Isabel II. Adolphe Gerbier. 1859



Alfonso XII Plañiol, L. 1877



Alfonso XII Gregorio Sellán y González. 1883



Alfonso XIII B. Maura. 1902



Alfonso XIII e Victoria Eugenia B. Maura. 1906

Na colección de Medallística do MPL tamen se atopan medallas de monarquías europeas.



Alfonso XII e Ma de las Mercedes

Gregorio Sellán y González. 1873

Luis XIV. J. Mauguer. 1672

Isabel Brunswick C. Thirman. 1717



Alfonso XII e Mª Cristina

Gregorio Sellán y González. 1879

Napoleón I Andrieu. 1807





Luis I de Baviera









Víctor Manuel II Massonet. 1859



Napoleón III e Eugenia Armand Auguste Caqué. 1855



Victoria I J.F.Antonie Bovy. 1862



Francisco José I J.Christbauer. s.d.



Entre os soberanos debemos incluír

tamén aos Sumos Pontífices.

O RETRATO NA MEDALLA (2)

O feito de aparecer retratado nunha medalla foise extendendo pouco a pouco ás clases acomodadas e, finalmente, a un público máis amplo. Así, a persoa honrada era retratada no anverso e os seus méritos no reverso, coma unha mensaxe secuencial.



Salustiano de Olozaga Eduardo Fernández Pescador. 1864



Emilio Castelar Eusebio Arnau. 1899



Antonio Maura Bartolomé Maura. 1917



Francisco Pi y Margal Miguel Blay y Fábrega. 1917



Marqués de Villalobar Godefroid Devreese, 1918



Santiago Ramón y Cajal Mariano Benlliure. 1907



A. Menendez y Pelayo Lorenzo Coullaut Valera. 1910



José Echegaray Bartolomé Maura y Montaner. 1905



José Echegaray Lorenzo Coullaut Valera. 1916

Esta colección complétase con retratos retrospectivos que reproducen personaxes do pasado.



Maquiavelo A. Pieroni. 1869



Calderón de la Barca J. Esteban Lozano. 1881



Miguel de Cervantes Bartolomé Maura. 1905

A medallística do MPL, conta, tamén con retratos íntimos, medallas que reproducen a persoas dun contorno máis privado e, polo tanto, con edicións máis limitadas.



Luis Mazzantini Autor descoñecido. 1902



Doctor Thebussen Autor descoñecido. 191



Ignacio Bolivar Urrutia Miguel Blay y Fábrega. 1929



M. Gómez Moreno Ángel Ferrant. 1956

Na sua evolución, a medalla vai sufrindo transformacións, chegando a modificarse o seu formato, pasando da forma redonda a plaqueta.



Albert Robin Vernón. 1905



P.J.Honoré Daumet Denys Puech. 1909



Claude Bernard A. Borrel. 1913



Alfonso XIII e Émile Loubet. Agustin Querol y Subirats (1905)



Carlos M^a Cortezo L. Coullaut Valera. 1915



Pío XI Autor descoñecido. 1925

MEDALLAS GALEGAS (1)

Amosamos como medallas galegas tanto as producidas en Galicia como as realizadas polos seus artistas e aqueloutras que recollen acontecementos ou personaxes relacionadas coa súa historia.

A primeira medalla conmemorativa coa que se iniciou a colección de Medallística do MPL é unha peza significativa para Galicia.

Trátase da que conmemora o 1º centenario da creación da Sociedade Económica de Amigos do País; realizada fora de Galicia polo gravador catalán Pablo Vidal (¿?-1887) e fabricada por Bernardo Castells.

Tamen forma parte dos fondos da colección unha medalla desta sociedade Premio ao Mérito da Exposición Agrícola, Industrial e Artística de Galicia de 1875.

Igualmente de factura catalá é a medalla da Exposición Rexional de Galicia, celebrada en Pontevedra no ano 1880, tamén editada por Castells.

Ou a conmemorativa da Exposición Rexional de Lugo de 1896, que asina o escultor **Eusebio** Arnau (1863-1933), e da que nos fondos do museo consérvanse tres exemplares.

Pero a medalla máis antiga galega que forma parte da colección é unha escasa e curiosa peza, acuñada en cobre, de 1854, durante o reinado de Isabel II, na ceca de Xubia e dedicada ao bispo de Mondoñedo.

No que se refire a medallas de artistas galegos na colección do MPL existen pezas do ourensán Victorino González Fernández (1855-¿?), formado na Academia de Belas Artes de Madrid, e alumno, en París, de Tasset, que cara ao 1880 estableceu o seu taller en Madrid.

Do escultor **F. Asorey** (1889-1961) consérvase un exemplar de medalla conmemorativa da proclamación de Marcelo Macías como fillo predilecto de Galicia, realizada en 1916 e acuñada polo gravador catalán Eduardo Ausió.



Sociedade Económica de Amigos do País 1884



Premio ao Mérito. 1875



Exposición Agrícola, Industrial e Artística.





Exposición Rexional de Lugo. 1896



Al Yllmo Señor Obispo. Mondoñedo. 1854



Daoiz y Velarde. Finais século XIX



Marcelo Macías. Fillo predilecto.1916

MEDALLAS GALEGAS (2)

Así mesmo tamén forman parte da colección tres medallas obra do escultor **José Mª Acuña** (1903-1991).



Temas Galegos. 1982



Bienal Internacional de Arte, Pontevedra. 1984

Formando parte da colección temos unha serie de medallas vinculadas a eventos relacionados con Galicia. Así, a medalla do 1º Congreso Español de Terciarios Franciscanos, que se celebrou en Santiago de Compostela no 1909; a medalla do Ano Santo de 1965; a do plan de accesos a Galicia de 1971, ou varias dos VI Xogos do Cantábrico que se celebraron en Lugo no 1971.



1° Congreso Terciarios Franciscanos. 1909



Ano Santo. 1965



Plan de accesos a Galicia de 1971



VI Xogos do Cantábrico. Lugo. 1971

Completan a serie de medallas galegas catro pezas promovidas pola Deputación da Coruña e relacionadas con exposicións pictóricas: o centenario da estancia na Coruña de Dionisio Fierros (1973); exposición antolóxica da Xeración Doente (1977); exposición antolóxica de Xesús Corredoira en 1978; exposición conmemorativa de pintores ferroláns de 1980, todas cun reverso similar.



Dionisio Ferros. 1973



Antolóxica de Xesús Corredoira. 1978





Xeración Doente. 1977



Pintores ferroláns. 1980

Na actualidade a máxima distinción de honra que concede a Xunta de Galicia é a Medalla de Galicia, creada en 1984. Neste mismo ano, con motivo do traslado dos seus restos, tamén se crea a Medalla Castelao, condecoración de carácter civil da que contamos co exemplar concedido a Xosé Trapero Pardo en 1994.



Medalla de Castelao

MEDALLAS DA CIDADE DE LUGO

Exposicións Rexionais



Alfonso XIII Eusebio Arnau. 1896

Círculo das Artes Congreso Eucarístico de Lugo. 1896



II Exposición Filatélica. 1962



Exposición de pintura. 1964



Exposición de pintores cataláns. 1969



Homenaxe a Rosalía de Castro. 1969



Bimilenario de Lugo. 1976



Medallas administrativas



MEDALLAS ESPAÑOLAS DO S.XIX



Restitución ao trono de Fernando VII F. Gordillo. 1809



Batalla de Callao Gregorio Sellán y González. 1866



3º ano da Constitución da Monarquía Antonio Martínez/Teodoro Zía?.1814



Circunnavegación da Fragata Numancia 1865-1867 Gregorio Sellán González



Inauguración do ferrocaril Barcelona-Mataró D. Lorenzale/Jubany. 1848





José Madrazo Eduardo Fernández Pescador. 1861-1870



Inauguración do Panteón de Mallona Eduardo Fernández Pescador. 1870



Defensa de Bilbao Autor descoñecido. 1874



Aos Exércitos do Norte 1878 (Guerra Carlista) Bernardo Castells/Pablo Vidal. 1878



Visita de Alfonso XII a Exposición Universal de París Francisco Sala Sánchez. 1878



rís



Inauguración do ferrocarril Vilanova-Barcelona, Ramón Padró y Pijoan/Francisco Sala Sánchez. 1881





Exposición de Minería Gregorio Sellán y González. 1883



S PRINTED STOCKHOU SO MINERA

Exposición de Minería Enrique Noney Gálve. 1883





XV Centenario da conversión de S. Agustín Enrique Noney Gálve. 1887





1ª Exposición Universal de España e as súas colonias G. Piquer y Barba. 1888





IV Centenario do Descubrimento de América Eusebio Arnau y Mascort/Solá i Camata. 1892





O Concello Constitucional de Barcelona, Lei do 7 de febreiro de 1895 Eusebio Arnau y Mascort/Solá i Camata. 1895

MEDALLAS ESPAÑOLAS DO S.XX



IV Centenario da Universidade de Valencia Gabriel Borrás Abella. 1902



Exposición de Industrias e Agricultura, Madrid M. Feito Mayo. 1907



1ª Centenario da creación do Corpo do Estado Maior Autor descoñecido. 1910



Placa da Exposición Provincial de Huesca Autor descoñecido. 1906



Exposición Internacional de Automobilismo, Ciclismo e Deporte. F. J. Arija. 1907







Exposición Internacional de Barcelona Castells. 1929



Premio ao mérito da Exposición Internacional Canina César Martínez. 1926

Exposición Nacional de Belas Artes Autor descoñecido. 1962



Exposición Nacional de Belas Artes Autor descoñecido. 1966



Solidariedade Catalana Eusebio Arnau y Mascort. 1907



1° Centenario da batalla do Bruch Cuixart/Castells. 1908



VII Centenario da batalla das Navas de Tolosa Bartolomé Maura y Montaner. 1912



Medalla da Obra Sindical Autor descoñecido. 1947



Sociedade Española de Automóbiles de Turismo Autor descoñecido. 1970

MEDALLAS FRANCESAS NA COLECCIÓN DO MPL

A colección de medallística do MPL conta nos seus fondos con varias medallas orixinarias de Francia.

Dos inicios do s. XIX son as medallas da época de Napoleón Bonaparte.

Baixo o seu reinado, nas medallas o emperador represéntase coma os césares romanos.



Napoleón, rei de Italia Luigi Manfredin. 1805



Vitorias napoleónicas Bertrand Andrieu/Jean Louis Jaley. 1807



Batalla de Wagran L. Manfredini. 1809



Bautizo do Rei de Roma Jean-Bertrand Andrieu/N.G.A Brenet. 1811

Nos fondos da colección destacan as medallas conmemorativas das cinco Exposicións Universais que se celebraron en París, capital da modernidade, entre os anos 1855 e 1900.

A Exposición Universal dos produtos da Agricultura, da Industria e das Belas Artes de París. 1855



Exposición Universal. 1889







Armand-Auguste Caqué

Exposición Universal de París. 1867



Medalla de recompensa Eugène André Oudiné



Eugène André Oudiné/J.C. Chaplain













Ascenso do globo de Henry Giffard Charles Trottin



Medalla de recompensa. Louis A. Bottée



Inauguración, 6 de maio de 1889 Charles Trottin

Exposición Universal e Internacional. 1900



Jules Clément Chaplain



Alexandre Louis Marie Charpentiers

Do mesmo 1900 é a medalla conmemorativa do Centenario da Administración de Moedas e Medallas.

F.J.Hubert Poscarme

De 1900 tamén son as medallas da Casa da Moeda de París e a coñecida como a Torre Eiffel

Dos primeiros anos do s. XX son as plaquetas.











Alexandre Louis Marie Charpentiers







Frédéric Vernon

Ulisse Gayon Gaston Veuvenot Leroux. 1928

CONDECORACIÓNS (1)

As condecoracións son recoñecementos a persoas ou entidades que se entregan como honor e distinción.

Normalmente son metálicas e teñen forma de cruz, medalla ou insignia.

A ciencia que estuda as condecoracións é a Falerística.









Condecoracións hainas de tipo militar, para premiar accións civís, diplomáticas, culturais e, incluso de tipo deportivo.

Na colección de Medallística do MPL predominan as condecoracións de tipo militar. Da época da raíña Isabel II encontramos 3 exemplares da Medalla de Africa de 1860.

Durante o período do Goberno Provisional aparecen as primeiras cruces ao mérito militar. Con distintivo bermello entréganse en tempos de guerra. Con distintivo branco en tempos de paz.



Campaña de África. 1860





Cruz ao Mérito Militar co distintivo vermello

Do reinado de Alfonso XII a nosa colección conta coa medalla militar creada o 8 de setembro do 1875 e varios exemplares da Medalla da Guerra Civil de 1873-1874 (III Guerra Carlista) creada en xuño do 1876.







Medalla de Berga. 1873



Medalla de Somorrostro. 1874



Medalla de Montejurra. 1874

A colección posúe tamén varias condecoracións carlistas da Terceira Guerra carlista (1872-1876).

CONDECORACIÓNS (2)

Da época da Rexencia da raíña Ma Cristina de Habsburgo hai 2 exemplares da medalla da campaña de Cuba (1895-1898), creada por Real Decreto do 1 de febrero de 1899, destinada aos membros do Exército e Armada.

Do reinado de **Alfonso XIII** contamos con algunhas das condecoracións en forma de medalla que se crearon con motivo da Guerra de Marrocos (1909-1927), como a Medalla Militar de Marrocos, do 29 de xuño de 1916, e a medalla da Paz de Marrocos de novembro do 1927.



Campaña de Cuba. 1895-1898



Medalla militar de Marrocos.1916



Medalla da Paz. 1927

Dos anos do goberno da ditadura Franquista conservamos diversas pezas.



Medalla de Campaña (1936-1939)





Orde de San Hermenegildo



Medalla do Mutilado de Guerra.1938



Sufrimentos pola Patria R.D. 29 de xuño de 1918





Medalla Alzamento e Vitoria, 1939



Voluntarios da División Azul. 1941

Na colección atopamos tamén distincións civís coma a da Orde da Cruz de San Raimundo de Peñafort establecida en 1944 para premiar ao estamento da Administración de Xustiza e a da Orde de Carlos III, creada en 1771, máxima distinción civil española.



Cruz da Orde de San Raimundo de Peñafort



Orde de Carlos III. Encomenda

MEDALLAS DO MUNDO



Coroación de Mª Ana de Saboia como raíña de Bohemia. 1836



Luis I de Baviera (1825-1848) Inauguración Ruhmeshalle. 1853



Exposition Universelle de Bruxelles. 1910



50 aniversario de Independencia dos Países Baixos. 1909



HUNGRÍA

XVI Congreso Internacional de Medicina. Budapest. 1909



V Centenario da catedral de Milán. 1886



COLABORADOR

Gran Exposición Industrial. Colaborador. Lisboa. 1932



International Industrial Exhibition. 1851



Sociedade Imperial de Ciencias da Natureza. 1869?



Exity Leonardi Fynd. Patroni. Pío IX. 1851



Pedro I de Serbia/Príncipe Alejandro. 1916



PRIBMIO DE SINTAVE SORPLEMONAPLO DE LA SARVION DE LA SARVI

50 aniversario da Constitución Nacional de 1853. 1903



Homenaxe a José María de Goyeneche y Barreda. 1881



Traída de augas á cidade da Habana desde Vento. 1855



ESTADOS UNIDOS

Galardón da Exposición Internacional de Filadelfia. 1876





Cidade de Tunis/Musée Commercial. SD.

BIBLIOGRAFÍA

ALCORTA IRASTORZA, E. J. (2007): "Moedas da caetra. Lámina XXXIX", en REIGOSA CARREIRAS, A. (coord.), Cartafol do Museo, Guía Gráfica do Museo Provincial de Lugo, Lugo.

ALCORTA IRASTORZA, E. J.; BALSEIRO GARCÍA, A. e CARNERO VÁZQUEZ, Mª O. (2016): "As, maravedí, real y peseta. Un paseo por la colección numismática del Museo Provincial de Lugo", GRAÑEDA MIÑÓN, P. (ed.), *Actas XV Congreso Nacional de Numismática*. *Patrimonio numismático y museos*, (Madrid, 28-30 octubre 2014), pp. 125-142.

- (2020, en prensa): "Tesoros monetarios del Museo Provincial de Lugo. Estudio y difusión", *Actas XVI Congreso Nacional de Numismática. Tesoros y hallazgos monetarios: protección, estudio y Musealización,* (Barcelona, 28-30 de noviembre 2018).
- (2020, en prensa): "Recorrido por la Colección Numismática del Museo Provicial de Lugo: Programa de investigacón y proyectos de divulgación", *Actas XVI Congreso Nacional de Numismática. Tesoros y hallazgos monetarios: protección*, *estudio y Musealización*, (Barcelona, 28-30 de noviembre 2018).

ALMAGRO-GORBEA, M.; PÉREZ ALCORTA M. C. e MONEO, T. (2005): *Medallas Españolas. Real Academia de la Historia. Catálogo del Gabinete de Antigüedades.* Real Academia de la Historia, Madrid.

ALVÁREZ GONZÁLEZ, Y e at. (2006-2008): "Datos sobre el tesorillo tardorromano de monedas de El Pedregal (Chantada, Lugo)", *Boletín del Museo Arqueológico Nacional 24-25-26*, Madrid, pp. 99-107.

ARIAS VILAS, F.: (1979): "Noticia dun tesouriño de moedas romanas no Cadramón (Valadouro, Lugo)", *GALLAECIA* n° 5, A Coruña, pp. 325-327.

ARIAS VILAS, F. e CAVADA NIETO, M. (1976): "Antoninianos de un tesorillo hallado en la Terra Chá (Lugo)", *Boletín de la Comisión de Monumentos históricos y Artísticos de Lugo*, t. IX, nº 85-86, Lugo, pp. 257-263.

- (2004): "Revisión dun tesouriño de Antonianos achado na Terra Chá (Lugo) e resultado das análises metalográficas", CROA nº 14, Castro de Rei (Lugo), pp.17-25.

ARIAS VILAS, F. e FARIÑA BUSTO, F. (1974): "Monedas de un tesorillo del siglo IV hallado en Lugo", *Studia Archaeologica 29*, Santiago de Compostela-Valladolid, pp. 5-13.

CAAMAÑO GESTO, J.M. (1979): "Aportaciones al estudio de las monedas de la "caetra". Las monedas de la Colección Blanco Cicerón (La Coruña)", Boletín Auriense, IX, Ourense, pp.67-76.

BALSEIRO GARCÍA, A. (2016): "La acuñación de la conquista romana del Noroeste: monedas de la Caetra" póster en *Actas del XV Congreso Nacional de Numismática*. Madrid MAN. Octubre 2014 Depósito Legal: M-36302-2016 ISBN: 978-84-89157-73-6 Editado por Paula Grañeda Miñón. Madrid, pp.1349-1352

- (2017a): "La investigación arqueológica en el MPL. Proxecto de actuación en las colecciones de numismática y cultura material castrexa" *Arkeologi Museoaren koadernoak. Los cuadernos del Arkeologi,* 8 "La investigación en los museos" *Actas del Seminario* (2015). Diputacion Foral de Bizkaia, pp. 57-68
- (2017b): "A moeda como fonte de información. Numismática no Museo Provincial de Lugo" en revista *Lucensia*, n° 55 (vol. XXVIII), Biblioteca Seminario Diocesano, Lugo, pp.163-176
- (2020): "A colección medallística do Museo Provincial de Lugo" *El Progreso* 29/7/2020 p.39

CARNERO VÁZQUEZ, Mª. O. (2015): "Os "Tesouriños" da colección numismática do Museo Provincial de Lugo", *Fervedes. Revista de Investigación* nº 8, Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, pp. 439-444.

CASAL FERNÁNDEZ, D. e NÚÑEZ MENESES. P. (2017): *Jubia. Catálogo especializado.* Lugo.

CAVADA NIETO, M. (1972): "Hallazgos monetarios en Castros de Galicia", Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología nº 38, Valladolid, pp. 211-248.

- (1984): "Dos tesorillos monetarios aparecidos en Galicia", *II Congreso Galaico-Minhoto*, Santiago, pp. 181-191.
- (1990-91): "Monedas Hispano-Romanas halladas en Galicia", *Boletín Auriense*, *Tomo XX-XXI*, Ourense, pp. 233-254.
- (1992): "Monedas de un tesorillo del siglo III hallado en tierras lucenses", en ACUÑA CASTROVIEJO, F. (coord.), *Finis Terrae. Estudos en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil*, Santiago, pp. 347-369.
- (1994): "Hallazgos monetarios del siglo III en el territorio de la Galicia actual", VIII Congreso Nacional de Numismática (Avilés, 1992), Madrid, pp. 331-358.
- (1994): La crisis económica-monetaria del s. III: ¿un mito historiográfico? Avance del resultado de los análisis metalográficos sobre dos tesorillos de la Provincia de Lugo, Santiago de Compostela.
- -(1998): "Tesorillo de Antoninianos hallado en Chantada (Lugo)", en ALVAR, J. (ed.), *Homenaje a José M^a Blázquez, vol. V, Hispania Romana II. Serie Arys, n^o 2*, Madrid, pp. 83-104.
- (2005): "Numismática Romana en la Provincia de Lugo", *Boletín do Museo Provincial de Lugo, t. XII, vol.* 1, Lugo, pp.41-70.

CEBREIRO ARES, F. (2011): "La singularidad de una pieza de la Caetra con contramarca DD", *Anejos de Archivo Español de Arqueología LVIII*, Madrid, pp. 377-379.

- (2012): "La emisión de sestercios del Noroeste a la luz de un nuevo hallazgo", *SAGVNTUM 44*, pp. 203-206.
- (2012-2018): "Dúas moedas "híbridas" do MPL: o tarí de Ruggero II e o semidinar de Musa ibn Nusair.", *Boletín do Museo Provincial de Lugo, t. XV*, Lugo, pp. 337-341.

CENTENO, RUI M. S. (1987): *Circulação* monetaria no noroeste de Hispania até 192, Anexos Nummus, nº 1, Porto.

CEPEDA, J. J. (1984): "Tesorillos monetarios en el Norte y Noroeste de la Península Ibérica entre la segunda mitad del s. IV y la primera mitad del s. V d.C.", *Estudios* de Geografía e Historia. Facultad de Filosofía y Letras, (25 años), Universidad de Deusto, Bilbao, pp. 211-226.

- (1993): "Monedas procedentes del castro de Penadominga (Bendollo, Quiroga. Lugo)", *NVMISMA*, 232, Madrid pp. 91-107.

CONDE SÁNCHEZ, M.; LORENZO RUMBAO, B. e MEIGA ROMERO, A. Mª. (2001): *A Medalla Conmemorativa Española no Museo de Ourense*, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, Xunta de Galicia.

FARIÑA, F. (1974): "Algunos aspectos de la circulación monetaria en *Gallaecia* durante el siglo IV de J.C.", *NVMISMA*, *120-131*, Madrid, pp. 105.128.

DE FRANCISCO OLMOS, J. Mª e NOVOA PORTELA, F. (2009): *Catálogo de Numismática do Museo das Peregrinacións e de Santiago*, Xunta de Galicia.

FERRER SIERRA, S. (1995): "Aproximación á circulación monetaria de Lucus Augusti no alto Imperio", *Actas del XXII CAN*, vol. II (Vigo: 1993), Vigo, pp. 283-288.

- (1997): "El posible origen campamental de Lucus Augusti a la luz de las monedas de la Caetra y su problemática", en RODRIGUEZ COLMENERO, A. (coord.), LVCVS AVGVSTI, I. El amanecer de una ciudad, A Coruña, pp. 425-446.

FONTECHA, R. (1958-59): "Hallazgos de denarios romanos en las cercanías de Fonsagrada", Boletín Comisión Monumentos de Lugo, t.VI, Lugo, pp. 113-116.

GARCÍA BELLIDO, Mª P. (2006): El abastecimiento de moneda al ejército hispánico durante las Guerras Cántabras", en MORRILLO, Á. (ed.), *Arqueología Militar Romana en Hispania. Producción y abastecimiento en el ámbito militar*, León, pp.219-239.

GIMENO, J. (2001): *La Medalla Modernista*, Museo Nacional de Arte de Cataluña, Barcelona.

LORENZO RUMBAO, B.; NÚÑEZ SÁNCHEZ Mª del P. e VEIGA ROMERO A. Mª. (2007): Moeda Romana no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, Xunta de Galicia.

LUACES, P. (1971): "Áureo de Nerón hallado en Tierra Lucense", *Cuadernos de Estudios Gallegos XXVI*, Santiago de Compostela, pp. 122-123.

MARTÍNEZ MIRA, I. (1995-97): "Tesorillos del s. III d.C. en la Península Ibérica", *LVCENTVM, XIVI-XVI*, Alicante, pp. 119-180.

NÚÑEZ MENESES, P. (2016): "Hallazgo de Ordes del Museo Provincial de Lugo" GRAÑEDA MIÑÓN, P. (ed.), XV Congreso Nacional de Numismática (Madrid, 28-30 octubre 2014), pp. 13775-1383.

- (2018): Moneda Medieval Gallega. Catálogo comentado. Lugo
- (2019): Hallazgos monetarios medievales de Galicia. Lugo

PAZ BERNARDO, J. (1991): Las monedas acuñadas en Galicia, edt. Filabo, S. A.; Barcelona.

PITA FERNÁNDEZ, R. L. (1999): Numismática Galega. A moeda en Galicia e Galicia na moeda, Santiago de Compostela.

RIPOLLÉS, P. P. (2010): Las acuñaciones provinciales romanas de Hispania, Madrid.

ROMA VALDÉS, A. (2010): Emisiones monetarias leonesas y castellanas de la Edad Media. Organización, economía, tipos y fuentes. Textos de Numismática 2.

SAGREDO SAN EUSTAQUIO, L. (1994): "Distribución de los ejemplares de bronce de la *caetra*", *VIII Congreso Nacional de Numismática (Avilés 1992)*, Madrid. pp. 503-549.

SUÁREZ OTERO, J. (1998): "Arqueología y Peregrinación: La moneda en la Peregrinación Marítima a Santiago", Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos, (Ferrol, 1996) Santiago de Compostela, pp. 197-218. - (1999): "Tesouriño de Buscás (Ordes, A Coruña)", en CALVO DOMINGUEZ, M. (coord.), Xacobeo 99 Galicia. Santiago, Santiago de Compostela, pp. 262-263.

VÁZQUEZ SEIJAS, M. (1929): "Monumentos Arqueológicos. Numismática", Lugo y su Provincia, 1929, Libro de Oro, Vigo, pp. 114-115.

- (1931): "Curiosa moneda de Clunia", Boletín Real Academia Gallega, T. XX, n° 235-241, pp. 393-394.
- (1936): "Notas arqueológicas. Del Lugo romano. Hallazgo de monedas", Boletín Real Academia Gallega, XXII, n° 261, Coruña, pp. 225- 232.
- (1939): "Lugo bajo el Imperio Romano", Junta del Museo Provincial de Lugo, nº 2, Lugo, pp. 31-34.
- (1941-44): "Hallazgos romanos", Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históticos y Artísticos de Lugo, t. I, Lugo, pp. 19-21.
- (1943): "Denarios romanos", Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, t. I, Lugo, pp. 223-226.
- (1945): "De re numismática", Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, t. II, Lugo, pp. 186-188.
- (1953): "Hallazgos de denarios romanos en Bares", Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, t. V, Lugo, pp. 304-308.
- (1964): "Posibles emisiones de Augusto en Lugo", NVMISMA, nº 70, Madrid, pp. 37-40.

VEGA DE LA TORRE, J. R. (1980): "Un Tesorillo de Grandas de Salime (Asturias)", Boletín del Instituto de Estudios Asturianos, n° 99, Oviedo, pp. 279-294.

TEXTOS EN CASTELLANO

CAPÍTULO 1 MONEDA PRERROMANA, ROMANA Y MEDIEVAL

DEFINICIÓN Y PARTES DE UNA MONEDA

La Numismática es la ciencia que estudia las monedas. Desde su descripción hasta su contexto arqueológico e histórico. Pero también abarca otros objetos "monetiformes" como medallas, ponderales, fichas, papel moneda, etc. La Numismática desempeñó un importante papel en el desarrollo de los estudios históricos, especialmente en el nacimiento de la Arqueología. El término actual "moneda" procede del latín moneta, sobrenombre de la diosa romana *luno Moneta*, junto a cuyo templo los antiguos romanos ubicaron su primer taller de acuñación. En la moneda participan tres elementos fundamentales como son el metal, cuya calidad y proporción rigen el valor intrínseco de la moneda; el peso, que de la lugar a la creación de una escala de valores, base de todo el sistema monetario, y los tipos y motivos que decoran ambas caras de la moneda, anverso y reverso, que, por lo general, están en relación con la autoridad emisora y con el valor nominal de la pieza. Las monedas son la forma de dinero más importante de la historia, desde su aparición a finales del s. VII a. C. en la costa griega de Asia Menor y en la China.

GLOSARIO

